

Todas as imaxes antigas foron cedidas polas participantes de Con voz de muller.

Todas as imaxes actuais son autoría de Sara Vierna Fernández.

Tradución do castelán ao galego e revisión do texto de Rosa María Loureiro Redondo.

Todos os relatos son orixinais das participantes das sesións de traballo aínda que, nalgúns casos, foron traducidos de castelán a galego pero sempre mantendo moitas das expresións castelanizadas.

© do texto: Sara Vierna Fernández e Virginia Pañeda Sanz (Almas Meraki),

© da presente edición: Almas Meraki

© Deseño e maquetación: Diana Adelaida Farré García

Enero, 2020

Depósito Legal: C 1234-2020

Imprime: Imprenta Provincial

Archer Milton Huntington, 24

15011 A Coruña

Con voz de muller

ESPASANTE

Concello de Ortigueira

Concellería de Igualdade e atención á veciñanza

Centro de Información á Muller



Ler "Con voz de muller" é parecido a escoitar en directo as lembranzas de Manolita M., Manolita F., Laura, Norma, Aurora, Josefa R., Josefa L., Inmaculada e María Josefa. Todas elas conforman a historia viva da parroquia de Espasante. As súas anécdotas e vivencias configuran unha crónica excepcional deste lugar no municipio de Ortigueira, partindo desde o punto de vista feminino, moitas veces esquecido cando falamos de historia.

Nas vosas mans tedes un traballo único, un percorrido desde a infancia ata a actualidade das protagonistas e, polo tanto, unha radiografía perfecta do que foi e do que é actualmente Espasante. A ensinanza, a emigración ou o traballo cotiá son algún dos aspectos que quedan plasmados nestas memorias, para que todos os veciños e veciñas teñan acceso a elas.

É de agradecer, primeiro a elas, a súa predisposición á hora de abrirse e contarnos detalles únicos. Tamén quero felicitar á Concellería de Igualdade e ao Centro de Información á Muller de Ortigueira por promover esta iniciativa tan terapéutica para elas e tan importante para a historia do municipio e da provincia.

Abrir estas páxinas é recuperar unhas lembranzas agochadas, é coñecer Espasante como nunca antes se fixera, é descubrir como as mulleres influíron e determinaron o progreso deste lugar e da súa xente. Os logros de todas estas mulleres xa son tamén os logros de toda Ortigueira.

Valentín González Formoso

Presidente da Deputación da Coruña

SAÚDO DO ALCALDE

É para min unha gran satisfacción como alcalde presentar a segunda edición do proxecto "Con voz de muller" promovido polo Centro de Información á Muller, dentro do marco da Concellería de Igualdade.

Se o ano anterior foron as mulleres de Loiba e San Claudio as protagonistas das publicacións, nesta ocasión ven a luz os relatos das mulleres de Espasante e de Santiago de Mera.

Con esta edición preténdese dar continuidade a un proxecto de recuperación da memoria histórica das parroquias de Ortigueira a través das narracións orais das súas mulleres e grazas a estes relatos vivos poder transmitir ás seguintes xeracións a forma de vida vencellada a un lugar concreto e senlleiro e o papel das mulleres no desenvolvemento dos pobos.

O meu agradecemento a todas as mulleres participantes nos obradoiros por compartir con nós o seu tempo, as súas experiencias vitais así como as súas emocións e sentimentos.

Juan Vicente Penabad Muras

Alcalde do Concello de Ortigueira

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	9
INFANCIA	23
MOCIDADE E VIDA ADULTA	53
CULTIVANDO O PRESENTE	105





INTRODUCCIÓN

CAP. 1 |

O PROXECTO

A ORIXE

Hai anos que veñen desenvolvéndose nas parroquias do concello de Ortigueira, obradoiros de memoria, dentro do Programa de Dinamización Sociocomunitaria. As mulleres participantes, que teñen entre 61 e 91 anos, traballan os recordos e o esquecemento das súas historias, e van contando de relato en relato a súa vida e as súas experiencias e anécdotas, que están unidas a unha terra, a un lugar e á vida da súa parroquia.

Ao escoitar todas estas historias, pensamos que sería necesario mantelas, gardalas, recompilalas dalgunha maneira e que non caesen no esquecemento. Con ese espírito nace este proxecto que chamamos "Con voz de muller".

Crear un espazo contar, a túa historia, a túa vida é en si mesmo, terapéutico. Un espazo para autonarrarte, autosentirte e autocoñecerte, pero tamén para que o resto poida entenderte e recoñecerte.

As mulleres estiveron durante milenios relegadas da transcendencia histórica. A igualdade no século XXI pasa por poñer en valor todas as achegas das mulleres, das nosas antepasadas. Este recoñecemento faise imprescindible. Por unha banda coma homenaxe e dignificación a todas esas vidas en feminino, invisibilizadas inxustamente, e, pola outra, para que as mozas de hoxe se pensen, se subxectivicen como seres con axencia e non pasivas ao devir da historia. Parafraseando á mestra, Marcela Lagarde: "só cando as mulleres coñecemos, con sentido de descubrimento, ás mulleres próximas da nosa historia e a nosa xenealoxía, podemos xerar procesos de empoderamento simbólicos e recoñecernos e identificarnos con devanceiras concretas."

Neste proxecto con diferentes mulleres rurais no Concello de Ortigueira quixemos facer un traballo de autoconciencia colectiva, recoller as súas historias de vida, mergullar entre as súas narrativas e recuperar as súas achegas e posionalas finalmente onde se merecen. En definitiva trátase de rescribir a Historia destas parroquias a través da historia das súas mulleres.

Os obxectivos que perseguimos con esta iniciativa foron os de crear un espazo de empoderamento para as mulleres a través da reflexión e da indagación das súas propias historias de vida, recuperar a memoria das mulleres, poñer en valor o seu legado, e dignificar a contribución e a presenza das mulleres á comunidade local.

O proxecto foi executado a través de catro sesións que duraron entre dúas e dúas horas e media a modo de obradoiro. A través destas reunións coas mulleres de cada parroquia emprendemos unha viaxe desde a neñez ata a súa vida actual, recoñecendo os feitos e vivencias que definen a estas mulleres na actualidade. Faláronse dos espazos que ocupaban, das actividades ás que se adicaban, dos aspectos da súa contorna nos que estas mulleres foron axentes de cambio.

Tamén houbo outras actividades como a recollida de fotografías, cartas, obxectos ou unha ruta polos lugares máis senlleiros para elas

Esta publicación que tes nas túas mans é un relato que une os testemuños das mulleres participantes nas sesións das parroquia de Espasante.

Faláronse de moitas máis historias das que aquí se recollen e hai moitos máis testemuños que quedarán no noso recordo, que pola a súa intimidade e carga emocional, quedarán só na lembranza das presentes.

No texto intentouse respectar as súas expresións e os seus testemuños de maneira literal, como elas nolo contaron. Algunhas palabras traídas da emigración e expresións diferentes segundo as parroquias, tamén compoñen o groso das súas historias de vida.

Pero esta publicación é moito máis que unha recompilación de testemuños, é un exemplo de loita, de dedicación, de esforzo, de paciencia, de entrega, de valor, e de crecemento de todas estas mulleres.

Para este proxecto contouse con Sara Vierna Fernández e Virginia Pañeda Sanz, da entidade Almas Meraki. Elas foron as facilitadoras das sesións de grupo de cada parroquia acompañadas de Ana Dopico e de Rocío Blanco do Centro de Información á Muller.

Ademais, Almas Meraki escribe e dálle forma ao proxecto "Con voz de muller", contando coa inestimable colaboración de Rosa María Loureiro Redondo,

filóloga galega, que fixo a tradución do texto ao galego e as correccións lingüísticas oportunas. E no deseño e maquetación con Diana Adelaida Farré García.

O noso agradecemento a Manolita Martínez Galdo, a Manolita Ferreiro Docanto, a Norma Lage Pumar, a Laura Piñón Novo, a Aurora Soto Sierra, a Inmaculada Janeiro Rego, a Josefa Lage Martínez, a Josefa Ramil Ríos y a M^a Josefa Lamelas Pumar da parroquia da Espasante.

Agradecementos por adicarnos o seu tempo, pola súa xenerosidade, honestidade e valentía para narrar as súas biografías como mulleres.



CAP. 2 |

O ENCONTRO

Son moitas: Lola; as “Manolitas” que a miúdo van xuntas e, como nos explican elas, son parentes, Norma, Laura, Aurora, Inmaculada, e as tres “Josefas”.

O balbordo é similar ao do primeiro día de clase. Algunhas espéranos sentadas. Outras, charlan de pé. Algunhas, atrasadas, atravesan o couzón da porta con pausa, a que por sorte lles deu a idade.

Non parece impresionalas a nosa presenza, están afeitas a enfrontarse á vida, máis ou menos, coñecida. Non están intimidadas, só unha que, dende lonxe, nos di: “eu non vou contar nada da miña vida”, e o resto apresúranse a quitarlle importancia mentres, afectivamente, fréganlle as costas con intención de animalala, de relaxala.

Norma achégase a nós, tráenos un sobre cunha frase no seu dorso: “que se borre o que sobra”. Extraemos meticulosamente un caderno con algunhas follas despegadas e outras aínda suxeitas pola encadernación,

algo gastada polo uso. Non é de hai moito pero as anotacións que caen sen sentido ao collela advírtennos que temos que tratala con coidado, como se tratan as historias, máis aínda se non son nosas. Observamos, con admiración, o seu esforzo porque a memoria non se esvaecera, e cóntanos que ela “o escribe todo”: como sente, anécdotas que lle chaman a atención, algo que ve na televisión... Por exemplo, emocionouna o discurso que deu a uruguaia Ida Vitale, de noventa e cinco anos, ao recibir o premio Cervantes hai só unhas semanas, así que escribiu sobre ela. Mulleres que escriben sobre mulleres. Conmóvenos a experiencia. Desciframos as súas palabras coa mirada, lémosla. Ela quéixase por non ter ao alcance unha librería onde poder conseguir obras como as de Vitale ou de moitas outras e outros literatos: “Que incongruencia! Véndense tabaco e revistas do corazón para os que lles gusta saber das puterías alleas! A cultura brilla pola súa ausencia”, di.

Norma escribiu sobre Ida e tamén sobre a súa propia infancia, sobre o seu pobo e o das mulleres que nos acompañan, sobre Espasante. Levámonos unha alegría, redactar as nosas memorias e percepcións e a nosa existencia é, sen dúbida, un exercicio terapéutico e ademais, ten un valor incalculable. Entre as súas notas, abraíámonos lendo o detalle co que explica como era para ela a parroquia. O lugar.



CAP. 3 |

O LUGAR

O mar é así. Arrebata e dá

DESCUBRINDO ESPASANTE A TRAVÉS DA MIRADA DAS SÚAS MULLERES

Iniciamos con elas un roteiro que nos axuda a entender mellor como é a parroquia de Espasante: unha paraxe agreste nas súas áreas máis altas e abaixo, no centro, o pobo está salpicado de casiñas de cores situadas en rúas estreitas, características das zonas pesqueiras. O mar vertebra os seus recordos, os seus desexos e as súas miradas, observámolo dende os lugares que para elas son importantes.

Chegamos á nosa primeira parada en coche, é necesario porque os achaques da vida e dos anos non lles permiten andar coa lixeireza que lles gustaría. Subimos unha costa escarpada mentres van charlando nos asentos de atrás e de diante, comentando a súa vida

cotián, o seu día a día e aproveitando para sinalarnos algún elemento que queren resaltar na paisaxe. "Aparca por onde queiras, por aquí non pasa ninguén", dinnos. Deixamos os tres coches arrimados e, do ganchete unhas e sen axuda outras fomos subindo con coidado.

*Normalmente vese o horizonte que é unha preciosidade, esas pedras que vedes son Pedramea. De Pedramea son uns dos percebes máis ricos que hai, pero é moi difícil collelos. A rocha está no medio do mar e ten moita corrente ao redor. Os aguillóns, o Cabo Ortegá, como vista é preciosa, verdade? Nada que envexar ao Banco de Loiba. Temos Cariño en fronte. **Manolita F. D.***

Esta vista é espectacular. Colle tamén a Ría de Ortigueira, a Ría de Ladrado, ves todo o Porto, a parroquia, os aguillóns que cada un ten un nome.

Manolita M. G.

Deixámonos enchoupar por esa imaxe, agradecemos internamente o lugar e a súa compañía, a de mulleres que teñen tanto que contar e que a Historia aínda non sabe.

A GARITA DA VELA E O MAR

Estamos nun lugar que nos abraia pola perspectiva que ten sobre da parroquia e do mar, podemos efectivamente observar os puntos de maior interese nunha soa ollada. Elas trouxéronnos aquí orgullosas das vistas que ofrece e porque, como nos explican, era un espazo estratéxico de vixilancia que se remonta ao século XVIII: unha garita para avistar posibles atacantes e guiar a navegantes. A nosa visita á Garita da Vela tamén ten que ver con todas esas excursións da súa nenez. Era case unha aventura para elas subir por eses carreiros e merendar alí afastadas das familias e do rebumbio do pobo, relátannos as "Manolitas". Outras comentan que non a visitaban a miúdo, estaba moi lonxe e as súas infancias tampouco daban pé a moita distracción.

Fálannos de como eran antigamente os montes que podemos divisar dende aquí. Unha parte eran campos de cultivo e a outras zonas repletas de toxo e braña. Josefa L. M. cóntanos que cara ao lado que estamos hai unha casetiña que construíu o primo do seu home con todos os nomes da xente que morreu no mar. O seu relato impáctanos e reflicte a realidade dunha vila mari-

ñeira: a ledicia que achega o mar e o pesar do que leva. O tacto e o sabor a salitre atravesan a súa existencia.

Observamos dende aquí a Praia da Concha e case podemos ver como, ao lado contrario, ás nosas costas, está a Praia de San Antón, patrón de Espasante. Os areais representan para elas xantares, baños e paseos con moderación, tiñan pouco tempo pero si os practicaban. Quéixanse da desaparición dunha das praias que a miúdo frecuentaban por mor da construción do peirao do mesmo xeito que ocorreu co marisco. O espazo existente entre a Praia de Santa Cristina e a Praia da Concha era todo rocha, hábitat excepcional para percebes, mexillóns, nécoras, centolas, polbos, ourizos. "Iso acabouse todo", exclaman rotundamente. Necesitan expresalo.

Continuamos o noso roteiro descendendo cara ao Porto. As súas voces soan animadas durante o camiño, enorgulléceas amosarnos cada recuncho das súas orixes, das súas vidas.

As familias máis adiñeiradas, como as de Manolita M. G. e Manolita F. D., tiñan embarcacións, tarrafas que ían ao xurelo, á parrocha e á cabala. ou fábricas de conserva e salgadura. Algunhas como Laura, Josefa R. R. e

Josefa L. P. traballaron alí. Nesta zona recollíanse os ourizos e levábanos a unha fábrica de Loiba. Ao redor de quince mulleres encargábanse de toda a produción: abríanos e enlatábanos.

Advírtennos que antes, na súa nenez, o marisco se utilizaba para abonar as terras e, aínda que pasaban fame, non o comían porque estaba mal visto. Tempo despois converteuse nun produto apreciado e custoso polas dificultades que entrañaba collelo, como o é agora.

A conexión coas ondas e o mar é unha constante durante os seus relatos. Os seus maridos dedicábanse a andar ao mar e elas tamén. Josefa L. M. foi percebeira e tamén redeira. Coa mirada chea de pena e da bondade que a define, coma se todo na vida tivese o seu perdón, relátanos a morte do seu home unha noite cando foi faenar. "O mar é así", di, "arrebata e dá".

Subsistían con moi pouco, advírtennos sobre a pobreza de Espasante, "non había desaugadoiros, poñíanse as rúas cheas de esterco". Explican con certa vergoña como polas festas se cubrían as rúas con espadanas do río para tapar o cheiro e engalonalas dalgunha forma. A xente quería traballar a terra pero non tiñan. O auxe

dos boniteiros modificou o porvir da vida dos seus habitantes xa que achegou traballo e desenvolvemento económico ao lugar.

AS RÚAS DE SEMPRE

Atravesamos unha das rúas máis antigas. Van falando das casas, a quen pertencen, dos cambios que houbo; van camiñando moi, moi lentas, deténdose case a cada paso. Encántalles comentar, din que as casas xa non teñen nada que ver co que eran, aínda que moitas das que vemos manteñen a esencia daquel momento con algunha reforma e, sobre todo, con algunhas capas máis de pintura. Preguntámoslles, chanceando, se a que percorremos é a rúa Real do pobo. Elas rin e puntualizan: "é a calle Amargura". Teñen dúbidas de onde empeza con exactitude e discuten por ter a razón. Óese unha voz entre todas: "é a primeira rúa que houbo, puxéronlle un nome moi bonito", exclama nun ton retranqueiro Manolita M. G., e contesta Josefa L. M.: "pero antes non era así, daquela era amargura, amargura".

O camiño énchese de explicacións: onde estaba a taberna "A Raspita", as casas de comidas, a tenda de comestibles, as de teas, as mercerías. Xa non se ve nada

de todo aquilo. É un pobo máis, como tantos outros nesta zona de Galicia, abandonado á súa sorte, frecuentado polo turismo no verán e solitario no inverno. Con todo, e como sinalan, Espasante é dos sitios máis animados que aínda quedan en Ortigueira. Elas quere-rían que máis xente nova quedase pero saben que non hai traballo nin moitas opcións. Intúeselles na mirada tristura, un desexo que non depende delas.

Encontramos entre as notas de Norma reflexións acerca de como era o movemento na rúa e dos espazos de encontro, sobre todo en feminino.

“Había no Porto de Espasante tres plazas. A Pola da Ribeira tiña unha fontíña, no Pedregal outra ben boni-tiña e Darriba da fonte, que así lle chamabamos, a fon-te de San Antón. Elas, as fontes, coa súa auga natural que era potable e de distintos sabores, ata se dicía que mantiña e que engordaba. Daquela a gordura estaba ben vista. As fontes eran tamén a escusa para encon-trarse co rapaz. Habíaas que chegaban a casa e revirá-bana para volver. Érache algo que se perdeu”.

Mentres imos chegando ao final do noso paseo, oímo-las falar da importancia que ten para elas ver o mar, pasear polo paseo marítimo, ir á praia. Espasante é es-

pecial para elas porque é a súa raizame e porque, para as que chegaron de aldeas próximas, o acollemento das súas xentes define o agarimo infinito que lle te-ñen. Insisten en que o pobo está moi unido aínda que se pense o contrario. Espasante fainas felices, reláxaas e ademais é o lugar que lles permitiu coñecerse.





INFANCIA

CAP . 4 |

INFANCIA

En Loiba son Lola da Pinche, que eran miña nai e meu abuelo, e aquí son Lola de Lilolo, é o meu home

A IDENTIDADE: OS NOMES ENRAIZADOS NA TERRA

A primeira sesión funciona sempre coma unha catar-se emocional. Nós convidámolas a que se presenten: como é o seu nome, de onde veñen e que tiveron que ver as súas devanceiras en que se chamen así. É un momento especial porque o nome leva unha historia detrás que sae case sen esforzo. A nosa intención é ir guiando cunha orde as súas lembranzas, con todo, aparecen como en fervenza, desordenadas. escoitándoas supoñemos que o máis real nelas é o seu sentir. Dan prioridade a uns elementos sobre outros, ábreñe para amosar a súa identidade, mesmo case sen que-relo.

*Chámome Aurora porque a miña madriña chamábase Aurora. Morreron os dous, el chamábase Manolo. Nacín en Couzadoiro e despois, aos catro anos, vin para a parroquia de Espasante: A min chámanme Aurora do Callobre, era dun sitio que se chamaba Callobre e todos os meus irmáns chámanse así. Bueno (...), coñécennos así con este alcume porque morreron moitos. **Aurora***

A min chámanme Manolita aínda que realmente o meu nome é Luisa Manuela. O meu padriño chamábase Luís e a miña avoa materna chamábase Manuela, pero dende o primeiro momento fun sempre Manolita. Cando eu tiven a miña Seguridade Social e ía ao médico chamaban "Luisa Manuela Martínez Galdo" e ninguén respondía ata a terceira vez que dixen: "ai!, se Luisa Manuela son eu". A doutora ao entrar preguntoume porque non contestaba, eu díxenlle porque sempre fun Manolita e díxome: "pois xa sabes dende este momento aquí es Luisa", e dende aquela (...). Mesmo en todas as miñas sinaturas son Manolita, nunca poño Luisa. Se é algo moi oficial son Luisa Manuela senón sempre son Manolita.

Manolita M. G.

Púxomo a miña tía, que era a irmá da miña nai e quería un nome que non o houbera en ningún lado e púxome Inmaculada. E eu á miña filla púxenlle Montserrat, que non o había en ningún lado tampouco máis que en Barcelona. As únicas. **Inmaculada**

O meu nome é Manolita, imaxínome que sería pola miña avoa que se chamaba Manuela, era Dona Manolita, a miña avoa (entre risos). Eu non nacín aquí, nacín en Cariño pero dende os tres anos vivo en Espasante. Morreu miña nai cando tiña nove e xa seguín vivindo en Espasante. **Manolita F. D.**

Chámome Lola pero son Dolores porque era miña abuela a que mo puxo. Eu nacín en Loiba e estiven vinte e un anos alá e agora estou en Espasante, xa levo cincuenta e tres. En Loiba son Lola da Pinche, que eran miña nai e meu abuelo, e aquí son Lola de Lilolo (entre risos), é o meu home. **Lola**

Eu son Josefa, chámome así pola miña madriña, púxomo ela. Nacín no Viso e estiven ata os vinte e dous anos que casei. Vin para o Porto e traballando. Meu marido traballaba no mar e quedei viúva aos trinta e dous anos, penso, e quedei coa miña sogra. Teño un fillo, e que máis che hei dicir... **Josefa L. M.**

A miña historia ten máis chicha porque a miña mamá estivo de muchacha na casa dos "Tenreiros", entón había unha nena que ela coidaba que vivía alí e chámabanlle Normita e quíxome poñer Normita cando nacín, coma ela. **Norma**

Pois eu non sei por que me chamo así, será porque mo puxeron. As miñas avoas chamábanse Pepas polo que puido ser por iso. Nunca mo explicaron pero pode ser, si. **Josefa L. P.**

Os seus nomes son un resumo das súas vidas. Os nomes implican, como di Marcela Lagarde y de Los Ríos, que outras persoas cho puxeron, as claves de poder entre nai, pai e familiares, as modas, a cultura e as épocas. Os nomes ademais reflicten a súa territorialidade porque son nomes de aquí, non de alí. Preséntanse como mulleres dalgún lugar, nunha xeografía concreta. Iso é o que son, as súas existencias narradas en poucos segundos. Ser chamadas dunha ou doutra forma é o punto de partida polo que comezamos a explorar os seus periplos vitais. Remexemos con agarimo nas súas memorias e elas guíannos por onde e ata onde. Son protagonistas da súa historia e da Historia.

A miña abuela púñame malvas e a pel das cebollas molladas en leite como cataplasmas. A miña abuela tiña moita sabedoría das herbas

OS CHEIROS DA INFANCIA

O xogo devólvenos á infancia e por iso a primeira vez que nos atopamos con elas convidámolas a xogar. Levamos unha caixa de cartón con diferentes elementos: un caderno antigo, unha foto, un xoguete, un lazo e un anaco de fiúncho. Elas non saben que é o que agochamos, así que propoñémoslles que, sen mirar, saquen o que máis lles apeteza. Parécelles divertido. Manolita F. D. foi a encargada de coller o primeiro obxecto, recreouse un intre co que o seu tacto lle comunicaba, sen mirar, curiosa, sacou un ramallete de fiúncho.

Os cheiros evócanos recordos e anécdotas con facilidade. Suxerímoslles que exploren sobre esas fragancias que, día a día ou estación a estación, impregnaban o seu transcorrer.

A min o fiúncho lémbreme a que iamos buscalo para cocelo coas castañas no inverno, dáballes sabor a anís. Gustábame moito tamén coller as flores no campo, as marga-

*ridas que son tan pequeniñas e tan bonitas. Iso si, ía por aí polo campo e ía sempre collendo algo. **Manolita F. D.***

*O meu olor non é tan limpo coma o teu. Na miña casa sacabamos o esterco pola cociña, tiñamos os porcos e igual lles botaban de comer na cociña, despois no terreo e así a feito. Pasábase mal, non había quen gañara nada. Meu pai morreu de vinte e cinco anos, era moi noviño e eu xa non o coñecín. Entón todo o peor que había, que me acorde eu, despois xa foi mellor todo. E eu xa estou. **Josefa L. M.***

*O olor que máis recordo era o de ir coas vacas pó lindeiro (rin), é verdade e claro, ulía. Recórdome porque non me gustaba nada ir coas vacas porque me comían as patacas e o maínzo e berrábanme porque naquel momento non había campos, todo eran terreos. Non, non había onde poñer o froito entón os campos eran moi pequenos en "reig-hos", eran lindes coma iso. Unha vaca comía para alí e a outra para o outro lado e eu tiña que tirar. "Eu non quero ir, prefiro o monte que non as vacas". **Lola***

A súa nenez, a de moitas, estaba impregnada de aromas de traballo e de escaseza, próximos todos ao máis primario, aos animais e á natureza que as alimentaba.



As comidas, as verduras, as plantas e as súas aplicacións, marcaron as memorias de moitas outras. E as flores, tamén as flores.

Pois eu, á parte do loureiro, que era o que máis tiñamos á beira da casa, recordo o cheiro de cando viña da escola. Non me gustaba o guiso con tomates e, dende a casa dun veciño, case chegando á miña xa, cheirábame a tomate. Daquela cheiraban os tomates, eh!, porque agora non se sabe se o leva ou non o leva. Iso téño eu presente porque xa sabía eu que ía ser guiso de bacallau con tomate, porque meu tío era moito diso. **Norma**

Desa época eu lembro o cheiro a herba fresca de pola mañá, encantábame. E cando iamos de paseo á aldea o cheiro a cinamomo e a alelís, que había antes moitos, e que cheiro máis bonito! Había algunhas silveiras que botaban unhas rosas que parecían pitiminís e arrecendían, xunto á igrexa. **Manolita M. G.**

Outro recordo é de cando estabamos no Plantío. Iamos buscarlles ás señoritas do pazo "follas de chantá" porque unha nena tiña as pernas iagadas. Non son flores, son unhas plantas que teñen unhas follas moi longas, chatiñas,

moi pegadas á terra, aínda as hai e son boas para a pel. Eu estiven enferma dun "panarizo" e a miña abuela púñame malvas e a pel das cebolas molladas en leite como cataplasmas. Daste conta? A miña abuela tiña moita sabedoría das herbas e todo isto, chamáballes unguentos para poñer nas feridas. Para tomar acórdome dunha herba que se collía no mes de agosto que agora xa non a hai porque os sulfatos e as cousas desas mataron cantidade desas plantas. Chamábase centoura (todas afirman e repiten o nome) era unha flor altiña, cunhas flores miúdas malvas. Entón ela collíaas na lúa de agosto e despois colgábaas boca abaixo coas raíces para arriba e despois, se alguén tiña mal de estómago ou tiña algunha dor, ela cocía aquelas folliñas e tomábase. Non había azucre que as adoza, era como unha infusión. **Norma**

E agora nin as do campo cheiran como cheiraban antes. Ese cheiro a terra desapareceu porque antes cheiraba a terra cando se traballaba no campo e agora nin iso, nin flores. **Manolita F. D.**

Porque agora estamos cheos de química, os insecticidas. **Norma**

Antes cheiraba todo e agora non cheira nada. A min gustábame o cheiro a fume da miña casa porque tiñamos lareira e para min as comidas feitas alí tiñan un sabor exquisito. **Manolita M. G.**

Se antes o veciño estaba a facer o caldo ou calquera cousa cheiraba todo, pero agora xa poden facer o que sexa que non ule a nada. **Aurora**

Vía un chourizo ou vía un prato e caíanme os olliños por eles porque na miña casa non tiñamos

LEMBRANZAS INESQUECIBLES

As anécdotas probablemente sexan eses acontecementos que máis gravados temos no noso subconsciente, os que máis veces contamos e que outras persoas coñecen. As anécdotas rememorámolas con agarimo. Son gravacións emocionais que lembramos con facilidade porque sorprendéronnos, fixéronnos rir ou porque dalgunha forma remexéronnos a alma.

De pequena, claro, como mamá non tiña posibles para que eu fixera a comunión con todas as nenas, tiven unha profesora moi boa que aínda vive, Carmen do Vale. Esa mestra sempre mirou por min e regaloume o traxe para que fora de branco coma as demais meniñas (emocionada). Das malas acórdaste pero das boas tamén. Tamén me acordo que de pequeniña, cando estaba en Couzadoiro, iamos cantarlle versos á Virxe polo mes de maio. Dentro do pouco que tiñamos iso era un acontecemento porque daquela eu pasábao mal. Vía un chourizo ou vía un prato e caíanme os olliños por eles porque na miña casa non tiñamos. Era o que había, había saúde que era o máis importante. **Laura**

Unha mestra, un vestido de comuñón, un prato cheo de comida ou xogar a ser outras, son emocións con historia que rescatan sen dificultade dos seus baúis autobiográficos.

*Eu sei unha cousa de antes de vir para Callobre. Eu tiña catro anos ou catro anos e medio, xa eramos catro na casa e a miúdo viñan as peixeiras por alí con peixe e dicían: "queres peixe?". Miña nai e meu pai debían ir por alí facer algo e nós quedamos na casa. E que fixemos? Para facer coma as peixeiras puxemos os pratos na cabeza e dicíamos que viñamos de peixeiras, e resulta que rompemos os pratos todos e despois puxémonos a chorar, choramos e choramos. Porque viramos aquilo e claro, queríamos facer coma aquelas. **Aurora***

Os alimentos marcaban gran parte dos seus desexos e das súas aventuras. O excepcional.

Miña nai e mais miña abuela foron para a feira a Loiba, ían comprar o porco que coceran o día antes. Daquela cocíase para quince días e puxeron o pan arriba da artesa de maneira que os bolos non pegaran os uns cos outros, non sabes? Eu sabía que había castañas dentro da artesa, era eu moi cativa, eh!, e fun quitando todos os bolos para

*arriba da mesa e fun ás castañas. Eu conto que comín un quilo de castañas! **Lola***

*Na miña casa iamos sempre á festa de San Bartolo, a Carriño. Tiñamos unha horta na aldea con muíño e tiñamos árbores froiteiras. Tiñamos unhas peras que lles chamaban de manteiga que eran así de grandes (explícanolo xestualmente) que cando se poñían maduras cheiraban, ai miña nai! Tamén había unha árbore de pera Urraca rabilonga, eran únicas porque eran buenísimas. Cando se recollía a froita, mamá poñíaas no fallo, estendía unha saba no chan e colocábaas alí para que foran madurando porque viña o San Bartolo e sempre lle gustaba levarlles a froita a Carmiña e a Pepe Santiago. Un dos anos dime: "Manolita, vai ao fallo para buscar patacas", entón eu ía coa miña carabeliña (cesto de vimbio), pero antes de ir polas patacas ía a aquela habitación e entón mirábaas e dicía eu para min: "vou mirar como están". Tocábaas un pouco e vía que o dedo se metía un pouquiño e dicía: "vou probar unha" pero como estaba tan boa, outra que non se nota. Nisto que chegou o día de San Bartolo e non había ningunha pera urraca rabilonga! Todas as comera eu. Ai!, as que me chamou a miña nai (...). Pois non fun capaz muller, a tentación daquelas peras Urracas rabilongas, papeillas todas. **Manolita M. G.***

As trasnadas que nos contan xéranlles un entusiasmo e unha inocencia que percibimos nas súas miradas, parece que as reviven mentres recapitulan cada un dos detalles. Algunhas das anécdotas resúltanos extraordinarias.

*Unha vez que ía para á escola a Loiba, chovía e levaba un paraugas e facía vento e iso. Agarreime ao paraugas e pasoume no aire ata o terreo do lado do río, volei polo aire. Crucei dunha banda e había o foxo da estrada e despois estaba a arribada. Saltei a arribada no aire e despois quedei co paraugas roto. **Josefa L. M.***



Eu tiven unhas bonecas preciosas: os meus irmáns. Foron os únicos xoguetes que tiven

O XOGO

É fácil falar das historias elixidas. Rin, están cómodas. Son nenas no seu interior, reflíctese na conca dos seus ollos.

O xogo. Están a desexar falarnos diso co que se divertían, do que querían ser; falarnos de como transgredían as normas: as familiares, as sociais e as relixiosas. Iso é o que permite o xogo, representar outra realidade, "ser outra cousa" sen que se che penalice por iso, distraerte, levarte a outro lugar, gozar por ter o dereito a facelo.

As que falan primeiro son aquelas que tiveron por sorte infancias máis desafogadas.

Eu xogaba a todo que era moi "peruchona". Poñía os zancos como os nenos. Mira, aínda non hai moito un veraneante fíxolle uns zancos a un neno, pequeniños, e levome a vida subir, pero despois dixeron: "mellor non por se rompo unha perna agora". Sabía andar polas rúas que eran terra e pedras, non eran como as de agora, e andaba

perfectamente. Despois gustábame moito xogar ás pedras, tirabas unha para arriba e tiñas que coller o resto. Teño un recordo de nena que me quedou sempre gravado. Había outra nena coma min que era das do "Labracho" e estabamos nunha beirarrúa xogando ás pedras e eu tiña as dúas moi cerquiña e non podía tocarlle e díxome ela: "queira San Antonio ou non queira non a fas", e fíxeno e collina! Quedoume gravado. A min xogos non se me resistía ningún. Había épocas, unha época era a corda, outra época as pedras, outra época era o escondedoiro. Tiñamos épocas para as xogos. Tiñamos moitos xogos que é unha mágoa que se perdan porque agora os nenos non saben xogar. **Manolita F. D.**

Eu indo á escola, nas "Cardenchas", xogabamos ao fútbol coma nenos. Xogabamos co fillo da mestra, con José Luís que en paz descanse. Acórdome que tiña uns zocos e xogaba con eles, miña nai! Escapábamoslle porque as patadas eran tremendas. **Manolita M. G.**

Jose Luís e eu xogabamos contra todas! **Norma**

Outro xogo era "ir xogar aos raposos". Un era o raposo e o resto eramos as galiñas, entón alguén se poñía na parede da escola sen mirar e ata que pasase tanto tempo non podía mirar. Bueno (...) escapabamos unhas por unha rúa,

outras metíámonos pola outra, o raposo tiña que andar collendo as galiñas por todos sitios. Unha vez as galiñas metémonos aquí nunha lancha, da tarrafa nosa, "A Vella" chamábase. Metémonos na quilla da lancha, sentiamos ao raposo que viña, nós caladas pero non sei quen nos descubriu e púxonos unha pedra enriba e despois non podíamos saír. Ai!, que angustia. **Manolita M. G.**

Eu o que lembro é xogar na escola porque ademais a min non me deixaban saír á rúa nin tampouco ir á praia porque tiña que quedar na casa atendéndoa. Os meus tíos ían para o muíño onde estaba a miña nai e eu quedaba na casa. Ademais non xogaba con ninguén porque eu tiña unha irmá pero ata os cinco anos non me levaron para xunto dela e despois volvéronme traer cando tiña oito e botábaa moito de menos porque estaba soa. A miña afeción era a escola porque era o único sitio onde eu tiña máis espaxamento. Teño bos recordos dos meus tíos pero botaba de menos á miña nai e á miña irmá. **Norma**

As motivacións que empuxan a nenas e nenos a mergullarse en actividades lúdicas espontáneas forma parte do seu desenvolvemento psíquico e social. É, de feito, esencial para a saúde mental. Escoitámolas, unhas xogaron máis, outras menos, outras nada ou polo menos así o senten.

Seguimos as súas conversas con atención, observamos como os xoguetes representan para elas outro marco de recordos e arelas.

*Eu de xoguetes nada. Tiña ovellas. Gustábame saltar á corda e cantabamos "soy la reina de los mares (...)", cousas así que nos saían porque outra cousa non a tiñamos, eh!, nunca vin un xoguete na vida. A roupiña lavábala pola mañá e poñíala a medio secar ao mediodía se querías saír, e así sucesivamente. A xente da miña idade pasouno mellor ca min. Na miña casa faltou quen gañase algo, eramos tres irmáns e non había máis nada que facer. E agora os nenos xa non atenden aos xoguetes que teñen, xa nin lles fan gracia. Eu traballando sempre. **Josefa L. M.***

Eu tiven un que me deixou miña prima cando foi para Santo Domingo. Unha boneca que adorei. Eu tería seis, sete anos. Era moi bonita, tiña unhas faldiñas longas, unha cariña como de porcelana, podíalle facer vestidos. Xa traía algún porque xa ma deixou ela vestida así. Non sei por que non a puido levar, só sei que deixouma quedar. Bueno (...), eu quería moito. Fíxenlle unha cama nunha caixa dos zapatos e aínda cando fun máis grandíña fíxenlle sabas e todo, cun retal que collín, a min gustábame moito coser. A boneca non a tirei despois, penso que aínda

*lla pasei á miña filla. Si, eu deixei cando me fun de emigrante, era a miña boneca, non tiven outra porque non ma puideron comprar. Nin soñaba con ela. **Lola***

*Na posguerra non había xoguetes para ninguén pero eu tiña unha boneca que me parece que debía de ser de cartón pedra. Un día estaba coa miña irmá, que era a última, e levou todos os mimos porque ela seguiu vivindo cos meus pais e eu aos tres anos xa me vin para Espasante. Bueno, o caso é que estabamos na praia xogando. Había unha pociña e colleume a boneca e meteuma na auga porque se enfadou. Mira, diso acórdome. A miña nai xa estaba enferma. Eu á miña nai recórdoa pouco pero iso quedoume gravado. Estaba na cama e eu cheguei coa boneca pingando e dixer: "mamá, mira o que me fixo Rita, meteume a boneca na auga", e esa é a imaxe que me quedou tamén da miña nai. **Manolita F. D.***

*Eu tiven unhas bonecas preciosas: os meus irmáns (rin). Foron os únicos xoguetes que tiven porque eu son a terceira e ata o noveno (...) imaxínate o que tiven que coidar. **Aurora***

Non xogabamos moito cos nenos, só un pouquiño na rúa porque na escola xa nos separaban

O UNIVERSO DAS NENAS

Ter a oportunidade de xogar tiña xénero, igual que o tiñan as súas eleccións, elas xogaban á corda, ás "pedras", ás casiñas, a ser "peixeiras", a ser nenas. Reflexionan sobre a fenda que existía entre o xogo dunhas e o dos outros. Queren entendelo, resignificar a súa experiencia e darnos unha explicación que resulte convincente. Aínda que elas tampouco están seguras de se o vivido ten sentido.



Eu penso que non xogabamos moito cos nenos, só un pouquiño na rúa, porque na escola xa nos separaban, a de nenas e a de nenos. Xogabamos a cousas diferentes, nós a cantar coa corda, saltabamos, a corre zapatilla na praia.

Manolita F. D.

Iso é certo. Na escola tíñannos apartados. O recreo xa era a outra hora, as neniñas a unha e os nenos a outra, é que a escola de Loiba estaba xunta unha parte e mais a outra. Abrían a porta e saíamos nós e despois pechábana; volvíana a abrir e saían eles. **Lola**

Vivíase así. Non sabemos nin o porque, era un costume e viámolo tan natural que non nolo preguntabamos.

Manolita F. D.

Si, sería costume. Se iamos para a escola separabámonos cando chegabamos, o porqué diso si que non o sei. **Lola**

Cóntannos como dende pequenas naturalizaban a segregación por sexos nos espazos, no xogo e na escola. Norma explica con indignación que esa cultura viviu-na tamén cando máis tarde tivo a tenda. Lembra que

a bebida Soberano era só para homes: "era unha cultura machista!", puntualiza levantando a voz. Lola non está de acordo, di que ela non lembra nunca que un neno lle pegara.

Desculpan o machismo porque queren desculpar o masculino. Moitas non queren disentir. De facelo parecería que os seus maridos, os seus fillos e os seus irmáns colaboraron niso e elas non queren culpar a ninguén, "vivíase así", comentan.

*As nenas na escola ademais das chapas é certo que xogabamos ás casiñas. Faciamos de comer en lousiñas que eran potas e deixabámolas alí e, sabedes o que pasaba? Que para o outro día os nenos xa nolas tiñan tirado. **Lola***

*É certo que os nenos podían facer máis cousas, podían ir "ao mar", iso é certo. **Manolita M. G.***

*Os meus irmáns ían máis ao seu aire, saían máis pero tamén eran maiores ca min. Outra cousa tamén é que as nenas, á escola, levabamos saia ou vestido e os nenos pantalón. Había máis distincións. **Manolita F. D.***

O universo da diversión reflicte as dinámicas de xénero que máis tarde, de adultas, ían ter que interpretar.

Ai, se tivera podido estudar! Sociais encantábame, naturais tamén, historia gustábame. Os libros eran o máis do mundo, os verbos gustábanme mal

A ESCOLA

A escola era un oasis para elas, era sinónimo de descanso do traballo que realizaban na casa. Un tempo para aprender, para reunirse cos seus iguais e construír un mundo á marxe das cargas familiares. Significaba ter un espazo propio. Algunhas cóntannos as súas reticencias para asistir con regularidade, normalmente viñan derivadas do trato da mestra ou do mestre. Outras apenas asistían porque os outros ocupaban toda a súa vida.

Os outros, como describe Marcela Lagarde y de los Ríos, son as persoas que as mulleres nesta cultura patriarcal teñen como motivo e fin da súa existencia, converténdolas desta forma en suxeitos expropiados do seu corpo e das súas subxectividades, en "seres-para-outros".

Tiñamos un mestre que era un pouco rarete, o que estivo no Viso. Igual había xente que era máis rica ca nós e sempre atendía mellor a esa xente. Nós non lle podíamos ofrecer nada porque facíanos falla para a familia e non o podíamos dar. Eu fun ata os catorce anos pero tiña que facer todos os traballos que os meus irmáns non facían. Entón non fun de seguido nunca, ía cando podía. Eu ía encantada da vida pero a miña cabeza non desenvolveu máis. **Josefa L. M.**

Da escola nada porque non fun case nunca (...) como había que mandar aos meus irmáns. Algunha vez fun, pois eu acórdome que nos mandaban empezar a ler frases que poñían: "haz bien y no mires a quién", "quien mal hace mal acaba", e así. En realidade eu non fun case nada aínda que tamén era moi lista, era moi lista, eh!, e co pouco que fun pois aprendín e escribo mal pero (...), bueno, defendinme. Ao final un pouco aprendín e na casa tamén porque había moitos libros de misa, relixiosos que outros non había, non había nada. Eu non sei como aprendín, non sei. Foi así a vida. **Aurora**

A miña escola era en Espasante e fun ata os doce anos. Se chovía pola tarde ía, se non chovía non porque ía para o lindeiro. Eu preferir prefería a escola que traballar. Home,

aínda que non fora nada máis que para estar cos cativos, se non ía para o lindeiro, imaxínate. **Josefa L. P.**

Moitas, grazas ás súas nais, aprendían a ler mesmo antes de entrar na escola. Sendo na súa maioría analfabetas que apenas conseguían escribir o seu nome, as súas nais con moito enxeño, cunha sabedoría innata e, quen sabe se cun golpe de maxia, facían para que sucedera "o imposible", quitar o veo da ignorancia. Elas queríanas libres.

Miña nai xa me ensinou a ler con cinco anos. Cando fun á escola da aldea eu xa sabía ler e o mestre estrañouse de que lera con bastante soltura. Miña nai, aínda que era casi analfabeta, ensinome ela, non sei como pero fíxoo.

Norma

Fun á escola sempre, nunca a perdín. Miña nai xa me tiña ensinado a ler polo catecismo así que fixen a comuñón con sete anos cun vestido de cadros que sempre me acordo. Daquela era todo xunto, comuñón e tamén a confirmación. Bueno (...), era iso, eu quitaba o esterco nas cuadras, lavábame e corría para a escola. Dícíalle: "mamá, se che axudo un pouquiño poido ir para a escola?".

Contestábame: "si, podes". E iso que tiñamos a Dona Luisa, en Loiba, que era mala, mala, mala. Pero bueno (...), se lle levaban as patacas era buena, entón. **Lola**



O coñecemento é unha das fontes principais que constrúe o poderío e a autonomía das mulleres. Detémonos, por iso, coa calma que nos proporciona un café coas amigas a debullar con detalle cada unha das súas experiencias.

Eu, para min, o mellor era a escola. Pola mañá mellor que pola tarde porque pola tarde era un fracaso que faciamos

labores. Eu aprendín de todo na escola. Había unha enciclopedia de grao medio e a min pedíume a profesora unha de grao superior que aínda a teño. E chupeima toda enteira, tena o meu fillo. A mestra tiña catro grupos, as pequenas, as medianas e as maiores e tiña moi ordenado o traballo. Os luns era aritmética, os martes lingua ou gramática, os mércores xeografía e historia, os venres fisioloxía, que nos ensinaba a hixiene para os animais, para as galiñas e para todo. Era unha profesora de verdade. Chamábase Dona Sara Cubeiro e era aquí, no Porto. **Norma**

A miña escola era a do Porto de Espasante. Na aldea si ían mozos e mozas xuntos. Aquí non, que tiñamos profesor e profesora. Poñíanos todos os días un tempiño de lectura, ela sentada á mesa e nós ao redor, un capítulo cada día. Facíanos facer unha lectura. A miña irmá Marisefa, que era moi así ela, aprendía a pregunta que lle ía tocar, como estabamos en círculo, pero Dona Sara dábase conta e cambiábaa de lugar e así fallaba. **Manolita M. G.**

A que máis memoria tiña da miña clase era Carmiña. **Norma**

Bueno (...) a Carmiña Dios me libre que a mandaran a estudar polo buenísima que era, a saber onde tería chegado! Eu acórdome, en relación con isto, que Emiliano falou

un día coa miña nai e díxolle: "Laura, a Manolita dánselle moi ben as matemáticas. Se queres prepárocha para ir a unha oficina ou o que sexa". E díxolle ela enseguida: "Ai!, non, non, non", porque ela só de pensar en que eu tiña que saír de casa para ir a outros sitios, naqueles tempos (...). Claro, ao ser muller. **Manolita M. G.**

Estabamos mellor preparadas as mozas de Espasante que os mozos de Ortigueira porque aos ricos tíñanos fóra en colexios e os pobres, ían aquí á escola. Escribíannos cartas e non valían para ler como as nosas. **Norma**

Comentan entre risos o orgullo de estar máis formadas que os mozos. Reivindican as capacidades de tantas alumnas que non podían aspirar a máis, por ser nenas, por ser pobres e subliñan a diferenza de clase no acceso a unha educación de calidade.

Lola, do mesmo xeito que tantas outras, relata o seu amor polo saber, polos libros e polas aprendizaxes que atesouran. Os ollos bríllanlle ao falar daqueles días e o seu relato déixanos cun sabor agridoce. Unha onda de abatemento sacódenos o corpo ao escoitar a obriga que se lle impuxo, que caeu sobre ela. Privóuselle porque tiña que ser así, de continuar esa traxectoria

académica que lle facía cóxegas de ilusión. Asemade, regálanos unha historia de aceptación e agradecemento do vivido.



Para min ir á escola era o máis do mundo, tanto era que me pegáranme coma que non me pegaran, para min era o máis. Despois foise Doña Luisa e veu Doña Carmen, unha profesora magnífica e despois veu Doña Fina que cando marchou de aquí estivo en Ortigueira. Hai uns anos que morreu. Ela levounos a facer o exame de Estudos Primarios. Foi a primeira vez que fun a Ortigueira, con quince

anos debeu ser, teño o papel. Cando eu fun facer os exames tiven que parar xa da escola e chorei moito, non o sabedes ben canto chorei porque eu quería estudar. Para min a escola é o máis do mundo. Sempre me gustou ler moito e aínda hoxe, daquela poñíame no poio da ventá, á noite, porque non se podía gastar luz, ata que non vía máis. Todo o que caera nas miñas mans era para ler. E as matemáticas, ai Dios, encantábanme. A profesora poñía alí no encerado e eu miraba e dicía "ai!, xa sei como se fai". Ai, se tivera podido estudar! Sociais encantábame, naturais tamén, historia gustábame. Os libros eran o máis do mundo, e non sei (...) os verbos gustábanme mal. **Lola**

Cando saímos da escola con trece anos ías a clases particulares porque se non quedabas na casa cos labores ou na rúa xogando. **Manolita F. D.**

Os sábados pola mañá había escola de relixión. **Norma**

A min relixión gustábame tamén, a min non me importaba, con tal de estar na escola que me deixaran ir cunha zoca ou cun zapato, érame o mesmo. **Lola**

Norma, a miúdo, extráenos de pensamentosedulcorados e sitúanos cara a cara coa realidade. Reivindica as

desigualdades de xénero e de clase con moita insistencia. A nós abráianos tanta conciencia. As súas achegas levan ao grupo a unha constante reflexión e outras veces pasan páxina con présa por medo ao disentimento, á discusión.

Os mozos non facían labores e non sei se polas tardes sairían media hora antes. Eles facían o mesmo que pola mañá. **Norma**

Foi unha época moi bonita. Para min, unha época preciosa. **Manolita M. G.**

Ela falaba con claridade pero o que ti pensabas non o podías expresar cando a guerra e a posguerra

A MESTRA REPUBLICANA E A DITADURA

Houbo mestras e mestras. Entre elas algunhas valentes que tiveron o firme convencemento de afastarse de adoutramentos naquela España asfixiante para ensinar coa lucidez e o progresismo que ofrecían as disciplinas pedagóxicas máis vangardistas, aprendidas noutrora. As mestras educaban sen límites, colaborando ao desenvolvemento integral do seu alumnado. Elas foron castigadas por defender a liberdade.

A nosa mestra veu para aquí castigada por republicana. Pois é verdade, e non a raparon porque o pai era secretario do Concello. **Norma**

Pero non fixera nada! Poñíase a falar e era só por falar. **Manolita F. D.**

Aquí xa non falaba Manolita. **Norma**

Si, aínda falaba. Perdía a lingua, no demais non era mala. Naquela época non podías falar contra o goberno. Ela falaba con claridade pero o que ti pensabas non o podías expresar cando a guerra e a posguerra. **Manolita F. D.**

Era boa, boa, boa. **Norma**

Para ensinar foi única. **Manolita M. G.**

A lingua foi unha das grandes vitorias do Réxime que se visibilizou con contundencia nas aulas, tamén nas máis rurais. A súa represión en todos os espazos públicos ocasionou medo a utilizala e provocou un desprestixio que afectou á identidade e á autoestima de quen o sufriu. A elas cravóuselles a vergoña.

O himno galego non se podía cantar, non, non? (pregúntalle ao resto) Non se podía falar en galego durante a ditadura. Non podías. **Manolita F. D.**

Bueno muller, aquí falouse sempre galego! **Manolita M. G.**

Ensinar non nolo ensinaban. Agora estúdalo, antes non. **Manolita F. D.**

Estaba prohibido por Franco. Norma

A miña nai falounos nos dous idiomas. Manolita M. G.

Na miña casa falouse sempre castelán, que vou dicir! Ías á Coruña, por exemplo de compras, e se chegabas falando galego xa non te atendían. O galego estaba así naquela época. Manolita F. D.

Era peor en Ferrol. Norma

As brutas, as pailarocas, as aldeás. Entón claro, estaba como prohibido tamén entre a xente, non estaba exactamente prohibido pero era o mesmo. Manolita F. D.

Ao escoitar estes adxectivos sobre o galego e as crenzas e funcións que se adherían a quen o falaba, Aurora conclúe o tema sinalando: "Dicían en Ortigueira: os fillos facémolos nós e quen os pare son as brutas da aldea". Practicábase unha deshumanización por ser mulleres, por ser pobres e por utilizar a lingua que historicamente lles pertenceu, o galego.

Aínda sendo rapaza xa me puxen nunha vida como se estivera casada

A APRENDIZAXE DOS ROLES DE XÉNERO

O deber vertebraba as vidas das nenas. Os roles que lles impoñían asumíanos con sinxeleza e inocencia. Non era que as súas familias quixesen ofrecerlles ese destino, era así para todo o mundo e non se cuestionaba. As súas nais traballaban ata desfalecer, elas tamén tiñan que facelo. Se eras a pequena, ese era o motivo, se eras a maior, tamén.



A miña abuela que estaba soa, bueno tiña tres mozos pero ela quería unha pícara, entón sempre botaba man de min e miña nai díxolle (como estaban as casas pegadas): "bueno, pois déixaa estar logo así", como vivindo con ela, sabes? Porque antes, as pícaras, eran as que traballaban na casa. E todos eran homes na casa e o home non pasaba o ferro, non fregaba, o home non facía: ía para fóra e punto. Entón, a muller ou a nena era a que era da casa. Aínda sendo rapaza xa me puxen nunha vida como se estivera casada porque a miña avoa era maior e os meus tíos ían traballar. Había dúas vacas, levantábame pola mañá e muxíaas. Daquela chamábase encaldar, porque se lles facía nun balde unha comida con auga escaldada, os nabos e verzas. Eu tiña que facer iso e mais os almozos dous meus tíos que estaban fóra traballando. **Josefa L. P.**

Era verdade que as nenas quedaban na casa e os nenos ían máis á escola. Eu tampouco fun á escola porque os nenos tiñan que facer o Servizo Militar e tiñan que escribir á familia e as nenas non, así que non había esa necesidade. **Aurora**

Houbo discriminación pero o home, é o que ti dis, tiña que saír, tiña que ir ao Servizo e claro, ir sen saber nin escribir; tiña que saír a navegar, a muller era máis da casa. **Manolita F. D.**

É que era unha vida totalmente distinta, é que vós (referíndose a nós) non vos imaxinades o cambio tan brusco que demos. Pero completamente, completamente, pero para nosoutras era unha vida moi normal e eramos felices, non botabamos en falta nada. Á a parte diso, os homes eran os que podían saír traballar e traer algo de diñeiro para a casa. Na miña casa eramos tres mulleres, a maior nada, que se foi xa para Ortigueira, pero a seguinte a min e eu chorabamos porque queríamos ir á fábrica de Agustín. Queríamos gañar diñeiro pero non nos deixaban, con todo si que nos deixaban ir cargadas cun paxe de algazo ao terreo, si, pero non nos daban nada. **Manolita M. G.**



Os homes, se se podían mandar a estudar fóra, mandábanse, claro. **Lola**

Eles, os meus irmáns, non eran de casa nin de terreo tampouco. Eles saíron cando tiveron a idade para traballar, foron a unhas canteiras que había alá arriba. Iso si, máis escola tiveron, cansáronse menos. De traballo físico eramos máis a miña nai e eu. **Josefa L. M.**

A sociedade de entón antepuxo sen ruborizarse aos nenos perante as nenas. Neles, a pesar da miseria, debíanse cultivar os seus coñecementos. Reservábanse para eles as tarefas máis intelectuais ou específicas; á fin e ao cabo eran os que ían ao Servizo Militar e se non se priorizaba a súa escolarización, como ían escribir cartas á casa? Anos de privilexios para mandar correspondencia durante o tempo que duraba a mili, que ironía! A balanza estaba sospeitosamente descompensada. Seguimos reflexionando para nós mesmas mentres elas narran as súas vidas adultas en corpos de nenas. Queremos saber máis.

A miña infancia estivo chea de traballos, eu creo que desde pequeniña xa tiña que coller o biberón. Porque antes dos doce anos xa ía ao lindeiro, dos doce anos para arriba

xa non fun á escola, non me deixaban porque non había tempo. Que tiña que facer? Traballo da casa. Mesmo ir á raspa alá a Santa Eulalia cun saquiño pola ribeira arriba. Carrexaba un paxe que lle chamaban daquela, un saquiño ás costas e subir as dúas, a miña nai e mais eu, por alá arriba para traelas (as algas) para o terreo para poñer as patacas. Despois mamá e Ana ían traballar fóra e eu tiña que fregar os pratos, isto ou o outro. Tamén ir lavar porque non había lavadoras, nós aínda tiñamos sorte que tiñamos un lavadoiro no lugar. **Josefa L. P.**

Unha traballaba moito cando era pequena, si, e mais cando era grande tamén. Fixen de todo. Quitaba o esterco, mamá ía traballar onde a chamaban porque se non, non tiñamos que comer máis que o que plantabamos. Eu tiña irmáns maiores e foron máis a escola ca min. Eu tiña que ir ao monte buscar leña para o lume, tiña que cociñar e mais tiña que levar o almorzo a Loiba onde carretaban os piñeiros coa moída nos ombros. Eu tardaba máis ou menos, se estaban máis cara ao Barqueiro estaba máis tempo, ao final entre acabar unha cousa e empezar outra pasaba todo ou día. Así que se vía a luz para saír eu levantábame. Meu irmán andaba na vía traballando e como tiña medo, levábame a min ata que era día.

Así que era día el seguía no traballo e eu viña para a casa. Nunca fun medosa, nunca, nin de nena nin de moza, aínda que foran as tres da mañá eu non tiña pega para ir.

Josefa L. M.

Inmaculada, polo que respecta á súa infancia, explícanos que coa emigración do seu pai a Venezuela acabáronse dalgunha maneira as súas penurias máis angustiosas, el mandáballes diñeiro. Aínda así, sinala que dos labores da casa nunca puido librarse.

A nenez de Laura e Lola tamén estivo chea de ocupacións domésticas, agrícolas e gandeiras. Elas, como a maioría, aspiraban a abandonar esas funcións para dedicarse á costura. Ese desexo foi o que tivo Lola cando se viu obrigada a deixar a escola aos catorce anos.

Eu de traballar quería aprender a coser pero miña abuelita dicíame que non porque se ía unha man de ir traballar aos terreros. Entón saíu por min miña tía que dixo: "si, a pícara vai coser coma as demais, iso nin que dicir ten". Así que fun aprender a coser e despois cosín eu soa polas casas. Así de pequena, gañabas algo para ir ao cine, para ir a unha festa, para comprar un vestido e todas as cousas así. **Lola**

Fan unha paréntese na conversa para explicar como era o ritual da limpeza na maioría das casas.

Ah!, e o sábado na miña casa fregábase todo, limpabamos coa pedra esa branca que a tiña arriba da miña casa, tamén a había na ribeira da mina. Machacabamos a pedra e poñíamola finiña e con aquilo, fregábase e quedaba tan branco coma hoxe coa lixivia. **Lola**

A Espasante viñan vendela as mulleres de Loiba e do Barqueiro, era a granel. Chamábase pedra de fregar, como a pedra Mol, a que se compraba máis tarde xa envasada.

Manolita F. D.

As selas fregábanse os sábados que era o día da limpeza. Iamos á fonte de arriba que tiña un muro ao redor e fregabamos coa area fina e con xabón a madeira e o metal. Despois poñíamolas enriba do muro para que foran secando, como unha exposición. Teño unha pena tremenda da falta de fotografías da vivencia nosa aquí.

Manolita M. G.





Eu, era así pequeniña, con catro anos e medio e xa estaba cos nenínos, lavándoos e algunhas veces caíanme

SER NENA: O XUGO INVISIBLE

O coloquio continúa co testemuño de Aurora, un dos máis estremecedores. Unha nena esgotada, por iso, por ser nena e ter o peso do deber sobre as súas costas: a supervivencia de quen a seguía. Unha responsabilidade que nunca reclamou, con todo, iso non se preguntaba, iso directamente tocábache. E así, desculpando con amor as circunstancias, repítenos a libre elección dos seus actos.

Eu fun unha nena que nunca me tiven que ocupar do gando. Tiven outro mellor, aos meus irmáns que os criei a todos. Fun a maior da casa porque miña irmá a maior, veu á casa aos catorce anos cando morreron os avós. A outra irmá, que era un ano maior, nunca se ocupou de nada. Sempre cos animais e iso. Entón eu, era así pequeniña, con catro anos e medio e xa estaba cos nenínos, lavándoos e algunhas veces caíanme. O meu irmán Antonio, que morreu tamén, estivo catro anos sen poder andar por-

que se lle torceu a columna, eu tíveno moitísimo tempo tempo no colo e non podía con el, pois por iso. Non andou ata que veu unha desas médicas que veñen polas casas que fan milagres. Eran dúas señoras que andaban pedindo e miña nai consultoulles o problema: "que lle vou facer a este neno?". Entón dixéronlle que ou puxera deitado na pel dun animal no chan, non sei canto tempo e o caso é que chegou a andar, aínda que perdeu moito porque quedou moi cativo pero camiñou como os demais. Eran curandeiras, sempre había moita xente pedindo daquela porque non había nada, non eran tan vellas. O caso é que tiven que coidalos a todos. A miña nai, para que se me aguantaran enriba, mandábame sentar nas escaleiras e poñíamos, aos nenos, así, boca abaixo nas pernas porque así estaban moi ben pero eu tíñaos tanto tempo que lles collía beliscos (di rindo) para que choraran, a ver se mos sacaban de enriba. Non había maneira. Dáballes biberón que me axudaban porque era moi pequeniña pero despois cando fun xa sendo máis grande, con seis anos xa podía soa. É que todos os anos tiña un, imaxínate a miña nai, claro, non se atopaba ben, tanto traballar e tantos fillos e axudarlle ao meu pai e todo. De noite, como é lóxico, os nenos choraban e había que levantarse a facerlles biberón. Eu ía quentar o biberón pero non é como agora, había que acender o lume, soprar e despois quentar.

Dáballo despois, levábaos para a miña cama e tiñaos alí ata que durmían, e despois debía de volver eu tamén a durmir, non me acordo moito pero así ata a última que foi Ofelia, que eu xa tiña once anos. Coa idade de once anos eu lavaba a roupa de once persoas, tiña que ir lonxe, alí abaixo, a un río que pasaba para lavala. Había un campo e, mentres que lavaba unha roupa, a outra poñíaa ao clareo e despois tiña qu carrexala dúas veces porque mollada non podía con ela. Tamén había que facer a "fornada", como se dicía. A miña nai, na artesa poñíame dúas varas para poder "peneirar" e quitarlle o salvado á fariña. Outra cousa é que se me deu por ir vender carozas a Ortigueira porque naqueles tempos vendíase molime, vendíanse palla e carozas que son as piñas dos piñeiros. Debía de ser moi pequena porque eu con doce anos xa fun coser. Tamén é certo que moitas veces ía cun paxe cheo de carozas a Ortigueira, vendíaa e volvía co cesto baleiro debaixo do brazo ata Espasante e chegaba e ía aprender a coser. Porque a min ninguén me mandou, tivemos uns pais maravillosos, nunca me berraron, a verdade tampouco facía falta. Todos os días vendíaa polas portas e polas rúas e dicía: "quere piñas". Acórdome ben un día que un comproumas todas e deume un anaco de empanada porque debeu de pensar: "esta nena vai morrer co cesto na cabeza". Co diñeiro que gañaba traía calcetíns para os meus

irmáns. Cando viña de volta de Ortigueira, como estaba tan cansa no medio do camiño paraba a descansar e quedaba durmida. Eu quero dicir que os meus pais nunca nos trataron mal e que se eu facía esas cousas era porque me saía a min, que eu quería traballar porque non sei, nacín así pero dicir que nos obrigaron, non. **Aurora**

As súas palabras encóllennos a alma, estamos impactadas co seu relato. Non sabemos que responder, probablemente non haxa nada correcto que podamos dicir. Josefa R. R. renova a charla con rapidez resolvendo o silencio que nos atrapa.

Eu paseino moi mal, moi mal. Eramos moi pobres. Ía cun ovo á tenda, cun ovo. A mamá dáballe vergonza e mandábame a min ir cun ovo á taberna para traer unha peseta de pemento, un papel de azafrán ou o que dira. E paseino peor porque á tenda onde ía mamá era das persoas ás que lles levabamos as terras. Eran os donos, entón víanse por encima de nós, moito. Moito teño chorado, era odiosa para min. Despois cando lles ía levar a renda do trigo e chegaba alí e había un medio ferrado. Entón que facía? Enchía ben amontoado, todo o que podía, mentres aguantaba o trigo para que non caera, todo o que podía.

*Entón ía levantando, ía levantando, ía levantando para pagarlle de menos. Iso era tremendo. Despois cando fun medrando, mira, tiven varias veces a tentación de facerlle así (fai o xesto de tirar a metade), non o fixen nunca pero era abuso. Eu tiña oito anos cando empecei a ter estas tentacións porque eu ben vía que era un abuso contra nosoutros porque, caramba! E eu pasando tanta necesidade. Nunca puiden comer pan de trigo e comíao de maínzo ata maio e despois de maio non había nin de trigo nin de maínzo. A nosa comida era caldiño e leite, era o que comía todos os días e, ás veces, sen unto que non o había. Cando ía ao lindeiro todo o día, íame xa pola mañá, ao mellor ás once, e podía estar alá ata a noite eu soa. Cando mamá tiña unto eu collía un pouquiño cando ía para o monte, levaba unha lata de conserva e no monte facía o lume, fervía a auga, botaba o unto alí, escaldábao e levaba un cachiño de pan cando o había e comía, e así pasaba todo o día. Así que non foi camiño de rosas. **Josefa R. R.***

As anécdotas gravadas nas súas entrañas, a historia dos seus nomes, as súas orixes, os cheiros de antes, o xogo ou a falla del, o traballo incesante, a escola e as súas mestras marcan o comezo das súas biografías e constrúen as súas identidades. Quen son agora e como pensaron e sentiron as súas vidas.





MOCIDADE E VIDA
ADULTA

CAP. 5 |

MOCIDADE E VIDA ADULTA

Tiña un irmán en Brasil chameino para que me levara porque morriamos de fame, pero non quixo que fora porque non quería que deixara á miña nai

AS QUE QUEDARON. A EMIGRACIÓN

A emigración parecíanos unha aventura que rompía, en gran medida, co constrinximento que a feminidade tradicional impuxo ás mulleres; acoutándoas ao redu-to doméstico e desposuíndoas da súa capacidade de progresar, de voar. Marchaban na proura de soños, de vidas, de ascenso social, fuxindo da pobreza e da falta de porvir. Moitas foron aceptando o camiño debuxado pola esperanza e moitas outras quedaron ancoradas na súa terra e nas súas circunstancias, retando aos encomendamentos do seu propio guión.

Permaneceron aquí para coidar e, non tanto, para coi-darse.

*Eu, era o que dicía, non tiñamos nada, entón coma tiña un irmán en Brasil chameino para que me levara porque morriamos de fame, pero non quixo que fora porque non quería que deixara á miña nai. Eramos pobres, iamos á tenda e diciannos: "con que me vai pagar a túa nai", non había posibles. Miña nai ía arrear os piñeiros, as mulleres tiñan máis forza cós homes, moita máis. Antes de vir para aquí nunca comín de a feito, sempre quedei con ganas porque non daba. **Josefa L. M.***

*As viaxes que eu fixen foron cando viña o meu marido a terra: a Burela, a Vigo, á Coruña e por aí, a onde viñan a porto. A min si me tivera gustado emigrar. Casei aos vinte e un anos, meu marido ía ao mar e despois, ao ter os críos, xa non era para deixalos porque non os podías deixar con calquera porque eran tres e os pais (referíndose aos seus) xa tiñan suficiente co que tiñan. Entón eu quedei na casa sempre. **Josefa L. P.***

As miñas viaxes e a miña emigración foron as mudanzas pero sempre aquí porque a miña nai e o marido que tivo despois encantáballes ir dunha á outra boreando.

*Despois viaxas como todas as mulleres dos mariñeiros cando iamos á Coruña, a Vigo. Un ano polo San Xoán, o patrón de Espasante, eu tiña a todos os convidados na casa. O meu marido estaba no mar e entraron co barco do vender en Alxeciras e dixéronnos se queriamos ir alá. Daquela era avión ou bus e eu coa casa chea de xente, polas festas. Entón vén miña prima do Porto, esa era moi espabilada, e díxome: "eu vou", e eu contesteille: "eu non vou, como vou ir e toda a xente na casa!". Ti sabes a que se armou alí?, pois aló fomos. Ao neno deixei coa miña cuñada, os convidados quedaron na casa, comérono todo. Fomos para a Coruña coller o autobús e tira todo o santo día. Paramos en Madrid un momento e despois xa para Alxeciras, unha calor! Ao chegar algunhas tivemos que durmir no muelle porque lles roubaban o peixe e tivemos que facer garda para que non o levaran, mira! Pasar pasámolo ben pero unha calor! De alá non vin moito porque ías, ao que ías pero foi unha boa experiencia porque vimos o que nunca víramos. **Laura.***

Desprázanse para coidar as súas relacións, como Laura e Josefa L. P. que visitaban aos seus maridos nos portos nos que atracaban ou para traballar puntualmente noutro lugar. Norma lembra os dous veráns nos que marchou ao País Vasco de encargada dunha fábrica de salgadura, durante a costeira da anchoa.

O posicionamento social marcaba as decisións. Ser dunha familia máis ou menos acomodada non as obrigaba a emprender o camiño da diáspora.

Eu non emigrei, eu quedei aquí. Cando casei marchei para Ferrol mais emigrar eu filla? Non debía ser moi ambiciosa. Eu fun moi feliz na miña casa tendo nada máis que o necesario. O meu marido era construtor, traballaba co seu pai e levabamos unha vida moi normal. Non eramos xente podente, eramos xente que tiñamos un capital.

Manolita M. G.

*O de emigrar nunca se me pasou pola cabeza. Viaxes si porque teño unha irmá en Valencia, teño familia en Madrid, teño familia na Coruña, iso si pero nada máis. Ao retirarse a miña tía fíxenme cargo do comercio, unha ferretería-droguería que estaba aquí, en Espasante, na miña casa. Eu por todo iso non me considero mellor que ninguén. **Manolita F. D.***

*Non tivestes a necesidade de marchar. **Josefa R. R.***

*Non a tiven, non, pero non por iso me considero mellor que ninguén. **Manolita F. D.***

*Iso é boa cousa porque todos somos iguais. **Josefa R. R.***

*E xa está a miña historia. **Manolita F. D.***

A entrega das mulleres aos outros ocasiona a perda de individualidade e iso repercute inevitablemente na súa estima propia, tal como percibimos nas súas intervencións durante os sucesivas xuntanzas con elas. A maioría das que se dedicaron case exclusivamente aos coidados non consideran que as súas achegas sexan significativas, pensan que as súas existencias e os seus actos carecen de impacto ou importancia.

*Manolita, fixeches moito máis que coidaches do teu irmán! **Manolita M. G.***

Si, tiven un irmán enfermo e tívenme que facer cargo del porque meus irmáns casaron e marcharon, entón quedou ao meu cargo. Esa época si que a pasei mal, iso téño eu que nin a miña familia o sabe. A miña tía apoiábame, iso si. Non quero nin recordalo. Cunha persoa enferma mental (...) ata que vas comprendendo e estudando a cuestión porque non lle acertaban cos tratamentos ata que o ingresamos nun hospital. El era moi intelixente, estando estudando, foi cando enfermou. O médico que o tratou en

*Ferrol fíxolle cousas tremendas que agora están prohibidas e que o acabaron de fastidiar. Paseino moi mal cando o ingresamos pero estou moi satisfeita de telo coidado e de adicarlle a miña vida. **Manolita F. D.***



Non tiña a ninguén que me aloumiñara e que me dixera: “cala a boca que imos saír adiante”

AS QUE MARCHARON. A EMIGRACIÓN

Son catro as mulleres que emprenderon o seu proceso migratorio: Lola, Inmaculada, Aurora e Josefa R. R. Íanse porque aquí non tiñan nada, non foi antollo, marcharon por unha necesidade de supervivencia delas e dos seus.

A DECISIÓN DE MARCHAR

Eu marchei obrigada porque non tiñamos nada. O meu marido foise seis meses antes ca min e despois veume buscar cando a pícara tiña nove meses. Fomos a Bélxica porque cando decidimos marchar xa non había en ningún lado, xa non podíamos ir nin a Francia nin Alemania nin Inglaterra porque xa pecharan a emigración. Tiven a sorte de que o patrón do meu marido pediu para que eu fora.
Inmaculada

Foi moi triste, eu decidín emigrar porque non tiña nada aquí. Morreu o meu home e tiña unha nena e non tiña cartos para manter á miña filla. Non tiña nada, nada, nada.

Fun aquí seis meses traballar á fábrica, ía seis meses e pagábanme aos nove, entendes? Aquí non podía. Tiña uns amigos en París e animáronme a ir para alá, eles xa levaban dous anos emigrados. Dixéronme: “ti vas ter sempre que darlle á túa filla”, porque eles tiñan comprado aquí un terreo edificable e deixaron a casa contratada nese tempo.
Josefa R. R.

Eu emigrei porque o meu home enfermou do pulmón entón claro, estivo un ano e medio enfermo. A moda de irse, íase moita xente así que díxenlle: “agora que estás ben non é o momento de volver para o mar porque no mar pásase frío, pásase calor, vale máis que marchemos para Francia”. El non quería, entón díxenlle: “pois se non queres, quedas ti aquí e eu voume e se estou ben vas despois e se non estou ben veño eu”. Non quixo, entón dixo que marchabamos os dous. Eliximos Francia porque moita xente ía para alí porque dicían que estaban moi ben. Un dixo que fora para alá e que estaba a traballar nun banco e tiña a mesma “carrreira” ca min. Moi ben debía de ser por aló, pensei. Entón fómonos. Eu tiña vinte e nove anos e deixamos a nena de tres anos aquí, con Antonia, unha veciña.
Aurora

A promesa dun traballo cun salario digno era un dos grandes incentivos para exiliar e o obxectivo máis común era facer capital para mercar unha casa na súa terra o antes posible.

*Eu con vinte e dous anos emigrei, fun para Inglaterra a Leicester. O soño que tiña era unha casa. Cando tivera os cartos para a miña casa viríame para aquí. Fómonos eu e mais o meu home. Leváronnos uns parientes que tiñamos alá. **Lola***

DEIXAR AS CRIANZAS

A obriga de deixar as fillas e fillos foi unha das dores máis grandes ás que se tiveron que enfrontar. Ían traballar sen descanso, non sabían co que se ían atopar porque como din algunhas sorrindo "a ignorancia é moi valiente". Elas sabían que precisaban ter as mans e os pensamentos enfocados nunha soa dirección: ver a forma de desenvolverse alí e de gañar a maior cantidade de cartos no menor tempo posible. Algunhas conseguiron levar as súas criaturas con elas e outras non. Cando nos falan dese momento, os seus ollos comezan

a brillar con intensidade e moitas bótanse a chorar. Foi unha decisión que, sen dúbida, as marcou e que aínda lles pesa na alma.

*A min sempre me deron moita pena as que tiñan que emigrar e deixar aos fillos detrás. **Norma***

*Tiña vinte e cinco anos e a nena tiña cinco e deixei coa miña nai. Foi un momento moi triste porque eu estaba feliz e a raíz de morrer o meu home separámonos todos. El no cemiterio e eu deixei á miña nai e á miña filla. Despois, aos sete anos, a nena foi interna para Mosteirón, unha escola que puxera Franco para os orfos, entón todo era unha tristura para min. **Josefa R. R.***

*Deixei aquí a miña filla con cinco meses. Pero había que irse porque aquí non se gañaba para vivir. Ao primeiro tiñas que firmar un papel de que non tiñas fillos, se sabían que os tiñas non te deixaban entrar. Que cousa, verdade? Cando me chegaban cartas tiña que esconder as fotos para que ninguén soubese que existía; o que pasa é que se me notaba porque tiña que saír de onde estaba para poder chorar. **Lola***

Normalmente a emigración asignábache unha función: "seres humanos en calidade de forza produtiva". Non querían persoas con vidas, persoas con vínculos que estiveran enfocadas nos afectos que deixaban atrás. O segredo do que en realidade tiñan a milleiros de quilómetros, fíxoas vivir cunha profunda amargura.

*Volvemos de vacacións e a miña filla non me quería. Chorei eu, chorou ela. Todo o camiño de Loiba ata Espasante ás costas do seu pai. Tiña cerca de tres anos e non nos quería nin cocidos nin asados, nada. Chorei, a verdade é que si. Deixei de cinco meses, foi malísimo, moi malo. Iso é moi duro (emocionada). **Lola***

Chorar á nai que volve da emigración, chorar porque non a sintes túa. Chorar á filla que xa non te quere porque es case unha descoñecida para ela. Estas non eran vidas pequenas, eran vidas de loita, vidas de mulleres bravas que o pelexaron todo.

OS TRABALLOS E A VIDA NO EXILIO

Onde ían traballar, cales ían ser os seus espazos como mulleres, como traballadoras, como inmigrantes sen

recursos, para que estaban capacitadas e que obstáculos ía supoñer a lingua? Chegar a unha cidade estranxeira cando nin tan sequera algunhas delas visitaran Coruña máis que para facer o pasaporte antes de marchar, era un reto inimaxinable.

Entre mirada e mirada continuamos a conversa para preguntarlles polo que foron buscar: o dereito ao traballo e á remuneración digna.

Eu traballei cunha nena e tamén nun castelo con xente italiana. Facía a comida, a limpeza, alí xa había máquina de lavar! Tiñan cinco fillos. Eu tiña arriba o meu piso con calefacción central e todo. Recordo unha cousa que non se me olvida nunca porque a miña pícara tiña nove meses e había pañais na farmacia para os bebés, que eran carísimos pero aquilo foi para min a salvación do mundo. Esa é a mellor cousa que me pasou xamais, a mellor da miña vida. A lavadora era boa cousa tamén pero era manual, había que darlle coa man. E despois funme da aldea onde estabamos para que a miña filla fora á escola. Mira se se gañaba alí que en dous anos comprei un piso na Coruña. Eu traballaba en negro limpando casas porque daquela os traballos empezaban ás seis da mañá e eu non tiña onde deixar a nena, entón eu non podía ser declarada. Agora non teño pensión por iso. Metíaa na escola media hora antes,

pagáballe o almorzo e ía traballar, en total dez horas o día. Eu erguíame ás cinco e media da mañá para facerlle o almorzo o meu home. Eu sempre en casas. Dez anos antes de volver aquí traballaba só as mañás porque Toño xa non quería que traballara máis pero eu na miña casa sempre, que facía alí? Ademais xa non tiña a filla porque ela aos dezaseis anos foi para unha pensión. **Inmaculada**

Fun para un hospital, traballei alí, non me gustaba. No pavillón que me tocou tiñamos que darlles o almorzo e ir buscalo por un túnel longo ata a cociña, despois recollíamolo e metíamolo en tanques grandes para ferverlo. Estabamos a quendas. A min o traballo non me importaba pero tiñamos unha directora que non me gustaba. Coas miñas compañeiras perfecto, tiña unha española e unha inglesa. Eu andaba cos papeis no peto, poñía unha palabra inglesa e unha española para, polo menos, dar as grazas e por favor, porque alí as grazas e por favor tes que dalas sempre. Xa dicíamos que alí co por favor matábase unha persoa, non había problema. Tiñamos unha salina para os emigrantes, no mesmo hospital nunha casa grande pegada aos pavillóns. Traballabamos alí e viviamos alí e tamén podíamos saír. **Lola**

Nós estivemos dous anos e viñemos de vacacións e compramos un terreo edificable e mais deixamos a casa encargada porque, aos dous anos de traballar en Francia, xa tivemos cartos para facer a casa e mais para comprar o solar. Por iso che digo que agora hai que traballar unha vida enteira para comprar unha casa. Non sería moi boa pero xa tiñas unha casa e mais o terreo. **Aurora**



Todo o que alí atoparon, o que alí coñeceron, as experiencias da emigración transformáronas por dentro. Aparece a resiliencia como capacidade de afrontar os momentos difíciles extraendo o máis valioso.

Aparecen tamén as aprendizaxes que che falan de aceptación e de forza para sobrepoñerte ao que o mundo che ofrezca. Todas cambiaron alí, non pasaron pola experiencia migratoria no bico dos pés, senón que se mergullaron e atravesárona con valentía e dignidade.



Aurora cóntanos algúns dos anos máis dolorosos para ela, non era que as horas incesantes de traballo se lle fixeran grandes, ela xa estaba afeita a iso dende nena, foi algo máis.

Volvemos a Francia despois de vir de vacacións e tivemos a desgracia de que, á nena, tivémola que operar do corazón e levámola con nós. Daquela aquí non había quen a operara, en Santiago díxéronnos que a levamos para alí porque había moi bos cirurxiáns. Eu traballaba na casa dun que era xuíz e preguntoume que tal me fora de vacacións e eu boteime a chorar. El preguntoume e díxenlle o que tiña, o que me pasaba e díxome que el ía vir comigo falar co médico. Así, o día que me tocaba ir traballar a casa del fomos a París no tren, levoume e fomos falar co médico. Entón para o ano seguinte levamos á nena e operouse e todo foi moi ben, operouse con sete anos. Pasámolo fatal porque había que ir como de aquí a Ferrol ver a nena ao hospital. Eu todos os días que estaba traballando en vez de comer ao mediodía, collía un bocadillo e ía no tren a París, e volvía para traballar pola tarde. Cando xa lle deron a alta levárona para unha casa de repouso e tamén iamos vela alí. Despois dábannos a alta para traela para a casa e claro, era de verán e nós tiñamos unha casa que non valía para nada, entón díxenlle ao médico que eu non me facía cargo da miña filla ata que non puidera facer vida normal porque eu tiña tanto medo de facer algunha cousa que non fora ben. Entón mandárona non sei canto tempo a trescentos quilómetros, á Campiña, cunha familia pagada polo estado e alí estivo moi ben, fómola ver e

*estaba encantada, estivo de marabilla. Despois trouxémola e metémola na escola. Despois estaba na escola pero eu con tanto problema enfermei do pulmón, así que volveu a un sitio destes con outras nenas e nenos que tiveran problemas e estivo alí tres meses máis porque eu tiven que estar dous meses no hospital. Xa despois de todo aquilo a pícara volveu á casa. A nosa casa era unha dependencia á parte da familia para a que traballaba, pagaba aluguer pero era moi pouco. **Aurora***

As complicacións asomaban entre as súas lembranzas. Exiliar xa de seu non era fácil, pero o que pasou mentres tanto foino moito menos. Con todo, os desgustos non ocupan todo o relato de Aurora nin do resto das mulleres que emprenderon esta viaxe. Conseguiron aquilo que se propuxeran, o que antes só acadaban a soñar. Traballo e prosperidade económica.

Botamos vinte e oito anos con esa familia. Era unha casa que tiña dúas pezas e unha cociña. Traballaba tres horas alí e o resto do día ía traballar onde quería. Facía tres horas para a miña patroa, tres horas para unha casa que estaba ao lado, comía algo rápido de calquera maneira e ía facer seis horas máis a outro sitio. Á casa á que ía dúas horas pola mañá, o señor era secretario do concello entón díxome se quería traballar alí. A min levábame a vida e un día díxenlle á miña patroa: "a min sáeme un traballo no

*concello todo o día pero claro, eu estou aquí e xa sei que teño que buscar outra casa", ela chorou e eu tamén. Como ela non quería que eu marchara desa casa díxome se podía traballar un pouco na casa e así o fixen, unha hora todos os días e o mércores e o sábado máis tempo, e así estivemos ata que nos viñemos. O traballo municipal era nunha cantina escolar pola mañá e pola tarde coidando nenos como nunha gardería ata que chegaban as familias. Gustábame moito porque traballaba con xente e ía cansada de estar sempre coa vasoira na man. Foime ademais tamén beneficioso para o retiro que se non fago iso non teño un peso. Porque polas casas que traballaba non tiña nada. Estiven quince anos traballando no concello e trinta e dous anos en Francia. **Aurora***

A mellora laboral era parte do proceso migratorio. Non eran conformistas, eran mulleres rebeldes e traballadoras que perseveraban pola súa propia evolución e que o facían improvisando a vida. O seu descoñecemento sobre unha sociedade totalmente diferente non as asustaba.

Despois fun traballar a un café. Quixen ir para gañar máis e a xente dicíanme: "ti non vaias que non vales para nada", co delgada que era, como ía aguantar dous traballos, imposible! Levaba eu o traballo de marabilla! Eu aguantei

perfectamente, a min o que me importaban eran os cartos e listo. Máis adiante cambiamos a outro traballo, eu ía para a cociña, nunca cociñara na miña vida. O meu home era para servir o comedor, tampouco o fixera nunca, soamente tiña que servir o comedor e limpar unha salíña que tiña a cheminea. O resto das cousas había máis criados para facelas. O primeiro día que me deixaron carne picada (risos) para preparar cun libro de recetas que estaba escrito en español, non sabía facelo. Díxome o meu home: "pero nena, mestura todo e xa está!". E era verdade, o que pasaba era que había que poñerlle puré de patacas e eu nunca puré de pataca fixera. Entón veu a señora, non te preocupes que isto ensínocho a facer eu. Ensínoume, veu de comer e dixo: "perfecto, magnífico!", bueno caraina (...). Pero despois trouxéronme unha rapaza que acaba de saír da Escola de Cociña para ensinarme a cociñar e moi ben. Ela tamén era nova e conxeniamos moi ben. Despois mandáronme á escola aprender inglés porque claro, había que coller o teléfono algunhas veces. As amigas que tiven do hospital e os meus cuñados viñan visitarnos a Birmingham porque a señora quería que tiveramos xente cando non estaban eles: "vós chamade aos amigos para que veñan a pasar a fin de semana", para que nós estiveramos contentos porque sabían que era duro. Antes de vir para España dixemos: "por que non imos probar noutro lado, nun restaurante a ver que pasa?", e fomos probar a un restaurante italiano e moi ben. Tiñamos un bo horario,

a nosa habitación e noso baño, gañabamos máis e estive-
mos nove meses, en Inglaterra en total cerca de sete anos.

Lola

As redes afectivas e sociais eran fundamentais para sobrelevar a amargura e a dureza da emigración. Amigos e amigas cos que compartían saídas, novas, tropezos, melloras e por riba de todo, cos que desafogaban e falaban da morriña dos seus, da súa terra.

Despois de que me fun non tiña aquela alegría, tiña tristeza porque tiña á nai aquí e á filla nun colexio soa. Sufría por elas e viña do traballo e chegaba a casa e igual me daba por chorar pero non tiña a ninguén que me aloumiñara e que me dixera: "cala a boca que imos saír adiante". Menos mal que tiña a eses amigos que nunca me deixaron soa (chora), nunca! Todas as fins de semana cando non traballaba comía con eles. Foi moi dura a ausencia da miña filla e da miña nai. O día que podía chamar por teléfono, que tiña a sorte que o patrón me preguntaba se quería contactalas, pois choraba moitísimo ao falar con elas. Alí, dentro do malo, fun feliz porque me trataron moi ben todas as persoas aínda que de francés non aprendín nada. Traballei nunha casa e o que facía era pagar o cuarto con catro horas de traballo e o resto do que traballaba, que eran tres máis, era de ganancia para min. E despois tiña pola tarde a liberdade de ir traballar a onde fora. Traballei

moitas horas pero ao ver rendimento eu estaba dentro do malo, feliz. Alí estiven nove anos. Non tiña moito tempo libre, a verdade, como traballabamos por hora, pois faciamos as máis que podíamos, entendes? Tiña dende as seis da tarde do sábado ata o domingo á noite. Nese tempo estaba cos meus amigos. Comiamos xuntos e despois pola tarde iamos pasear ao bosque e os xardíns e por alí pasabamos o tempo. Ademais como eu vía que podía mandar cartos e ter a familia ben pois eu estaba feliz. Esa era a miña tranquilidade. **Josefa R. R.**

Catívanos escoitalas falar, os nosos pensamentos lévannos a alegorías coa sociedade actual na que nosoutras dalgunha forma sentímonos reflectidas. Acabamos as nosas formacións universitarias tapando os oídos polo estrondo da crise económica que azoutaba con forza ao país e en gran medida ás persoas novas. Unhas quedamos, outras marcharon pero o certo é que experimentamos o baleiro e a desolación, o país expulsábanos. Non había traballo. Os fíos da nosa historia conectan pasado e presente. Elas marcharon sen estudos, sen a capacidade de descifrar de ningunha maneira a lingua do lugar ao que se dirixían, deixando atrás a fillas e fillos e sen apenas unha moeda nos seus petos. Nosoutras non, nosoutras tiñamos moitos máis recursos na mochila, pero dalgunha maneira a imposición para iniciar esta "viaxe" ten puntos en común.

O TRATO RECIBIDO

Alí podía pasar calquera cousa. Elas ían dispostas a encaralo e presentían que non lles ía a resultar sinxelo. Como ían ser esas persoas que as recibisen no seu novo país? Nun principio parecían terras hostís, o certo é que verse obrigadas a deixar ás súas fillas e aos seus fillos non anunciaba nada bo.



Detémonos para pescudar como foi o trato que recibiron. A atención, a escoita, o afecto. Iso é coidar e tamén o é asumir as responsabilidades concretas que temos

cara outras persoas. É ética e é humanidade. Preguntámonos se os seus destinos foron lugares acolledores nos que se sentiron queridas e aceptadas.

*Alí tratáronme moi ben, hai xente educada, non a hai mellor. Porque ata que viñemos para aquí o meu home nunca se ocupou de nada, era eu quen ía ao banco, era eu a que ía a correos, era eu quen ía a todo. E claro, nin papa de francés, e ao mellor estaba alí unha hora pero daba igual. Eu volvía con todo listo porque educación coma en Bélxica xamais a vin na miña vida. **Inmaculada***

*A miña filla estivo na escola pública alí, en Francia, ata os doce anos, e aos doce anos metina na escola privada "Blanca de Castilla" (en francés). Unha señora recomendoume pero eu non sabía con que ía pagala, pero foi ela falar coa mestra porque a xente polo mundo adiante éche moito máis boa que aquí. Débolle moita obriga á xente francesa porque me trataron como se fora de alí. A min queríanme moito. Eu pagaba o mínimo. A min Francia encantoume porque a min non me importaba traballar moito e a xente era marabillosa. Moi boa. As amigas eran máis ben amigas españolas e coas que traballabas de alí si, pero as amigas francesas eran as patroas. **Aurora***

*En Inglaterra estiven como unha princesa, traballaba pero (...) coma unha princesa. A min ensináronme a ser unha persoa, educación. Coidado, que eu non era maleducada, pero estiven nunha casa que me ensinaron moitísimas cousas. **Lola***



*O recordo que me queda é boísimo, estiven moitas veces tentada a volver pero as circunstancias tampocou eran favorables. **Josefa R. R.***

Alívianos escoitar os seus testemuños porque aínda que tiveron vidas de escaseza, vidas de traballo, a emoción que gardan no corpo é de agradecemento.

Son unhas mestras. Evocar as súas propias memorias sitúaaas no presente e provócalles unha reflexión: é España un lugar amable coa xente inmigrante?

Cando eu estiven en Francia preferían contratar a xente inmigrante porque sabían que non ían faltar nin un día e a xente francesa non quería ir todas as horas. O que pasa é que, claro, dicíanmos que íamos aló sacarlles o traballo pero non é certo, porque non querían traballar. **Aurora**

Eu creo que a xente que emigra a España non a tratan como nos trataron a nós. Eu penso que somos máis déspotas. **Josefa R. R.**

Ai!, eu trato ben aos extranxeiros, eh! **Inmaculada**

Por exemplo aínda daquela, as compañeiras de Valencia, de Sevilla, contábannos que cando traballaran en España no servizo doméstico, que as trataban a patadas. En Francia era outra cousa porque tratábannos con moito respecto. Iso, en España, penso que pasaba porque os ricos abusaban dos pobres. Alí practicamente eran ricos todos pero á muchacha do servizo respectábana coma se fora unha máis. **Josefa R. R.**

Cando eu estiven no hospital a miña patroa e mais o patrón encargábanse da miña nena, de ir vela e ir facerlle alí,

onde estaba, o que fixera falta. Eramos coma da familia. **Aurora**

A familia nosa era moi boa xente. Díxéronnos: "deixovos unha casa que teño no xardín", porque tiñan unha casa moi grande e mais un castelo. Pero o castelo estaba a media hora da casa pero dende a casa ao castelo todo era deles, así que case nada. Pero non o parecía, eh! Cando chegaban alí os invitados traíanos á cociña e presentábanme: "Mira, esta é Lola". Tamén nos ofreceron outra casa para que levamos á nena. E o meu home díxolle: "Pero é que temos os pais en España"; "traédeos tamén". Eu sabía que a miña sogra viña, pero o meu sogro era moi vello para vir xa e os meus pais estaban en Loiba. **Lola**

A EXTRAÑA SENSACIÓN DE VOLVER

Para elas deixar Espasante e todo o que lles proporcionaba seguridade resultáballes asfixiante Unha sensación parecida foi a que experimentaron cando decidiron volver. Nin de aquí nin de alí. Os motivos principais do retorno debíanse a atender e coidar a quen seguía no seu lugar de orixe; ao desexo dos seus maridos por regresar ou polo padecemento dalgún tipo de enfermidade. Elas cóntannos que, se tiveran podido ter preto aos seus, tivéranse quedado.

Eu fiquei alí trinta e cinco anos e eu non quería volver porque estaba moi ben aló con todos os amigos e todo. Quíxose vir o meu home porque a casa que tiñamos en Bélxica non tiña xardín entón dixo: "que faigo eu aquí?". Para min foi moi duro volver, tanto foi así que houbo un momento en que me dixo: "volvemos para Bélxica". Eu enfermei e tiven que ir a Burela. O xardín salvoume. Alí deixei todo, os meus amigos, todo. Cando lles dixemos ao patrón e á patroa que volvíamos a España choraron como nenos, o que quixeron. **Inmaculada**

Con sesenta e dous anos enfermei da columna e o meu home tiña sesenta e cinco, xa pasara, entón eu díxenlle que máis valía que nos viñeramos. **Aurora**

Volvín porque enfermei, se non, igual non tivera volto. Tamén porque miña nai non era "paxaro de gaiola" e alí, en París, non se tivera adaptado. Pero se só fose a nena, entón eu non viña para España. Aínda que me sacaban a metade do traballo porque estaba enferma, non podía facer tantas horas. **Josefa R. R.**

O meu home, que era mariñeiro, leváballe a vida ir para o mar, e así foi, volvemos. **Lola**

Arando, viaxando aos portos, queimando nas rozas, segando, collendo as patacas, poñéndoas, e sempre cun fillo ao lado

O TRABALLO DAS MULLERES: OS COIDADOS NO CENTRO DAS VIDAS

A recuperación das historias de vida de mulleres pasa por pór en valor todo o que achegaron ao que somos agora. Elas foron o sustento emocional, a fonte de coitados sen a cal a humanidade non podería ter acadado o desenvolvemento científico, económico, político e social que estamos a presenciar. Sabemos que somos seres sociais e por tanto necesitamos o afecto e a atención das outras (e oxalá dos outros) para habitar a salvo as nosas existencias. Ademais desa responsabilidade que lles foi encomendada polo sistema, elas non deixaron de traballar nos espazos produtivos aínda que non estiveran remunerados. Referímonos, por exemplo, á agricultura de subsistencia xa que, co tempo, as máis afortunadas apostaron por comercializar os excedentes que producían. Outras, en cambio, incorporáronse á pesca, principalmente ao marisqueo, o menos recoñecido e amparado de todos os oficios pesqueiros.



O feito de que o desempeñaran mulleres responde o porque das súas pésimas condicións. O traballo nas fábricas, sobre todo de conserva e salgadura, no caso de Espasante, foi outro nicho laboral que estas mulleres rurais non quixeron desaproveitar. Facemos con elas un repaso de todas as funcións, labores e oficios que realizaron ao longo da súa adultez.

*Eu sempre arando, viaxando aos portos e facendo o que se podía: todo, todo. Queimando nas rozas, segando, collendo nas patacas, poñéndoas, e sempre cun fillo ao lado, que non había quen me quedara con el, que todo o mundo ía para o terreo. E aínda máis, os homes non estaban en terra, todos ían para o mar e o que non ía para o mar, o que tiña traballo en terra, saía pola mañá e viña á noite. A muller tiña que facer todo o traballo do home. Tamén fun á fábrica de conservas, cosín para a fábrica, fun arar co arado de ferro, co de pao, co raño e mais co fouciño. E coma min case todas. **Josefa L. P.***

*Traballei sempre: na fábrica, no Planeta, nos ourizos, nos caracois, nas mazás, no terreo, coma todas. Traballei sempre máis ou menos no que puiden. Cando viña o meu home de marea ía xunto del a Vigo, á Coruña e facía todo o da casa e mais criei o meu fillo. **Laura***

*Eu, ao principio, traballaba no mar co meu home. Iamos por percebes, por nércoras. El normalmente levaba unha botella de osíxeno para bucear, eu nada, non sabía nadar. Era así antes. Despois morreu o meu home e traballei vinte anos no Planeta e mais limpaba. A pena que tiven é que ao fillo leváronmo de camiño para o colexio de orfos porque morrera o seu pai no mar. Estiven sempre separada del, sacado que viña nas vacacións e tíñame que conformar. Tamén fun redeira, traballei moito tempo para os da parroquia, sentábame alí en baixo, na casa, para facer as redes. Agora mesmo non hai xente que queira aprender. Non é fácil tampouco, é pesado. A min gustábame, ensinoume Manuela Maciñeira e mais Rosa de Raxolas, e fun facendo. Despois fun a San Ciprián aprender coas redeiras de alí e xa me pagaron. **Josefa L. M.***

O emprendemento tamén foi unha elección e algunhas delas acometérono á volta da emigración. Pularon por ter tendas ou obradoiros de costura, quixeron probar a desenvolver o seu proxecto propio. Aquelas que non conseguiron que prosperara non se deixaron vencer polo desánimo e incorporáronse a outros traballos por conta allea, que normalmente eran bares e restaurantes.

Tíñamos muíños e collemos outro muíño e compramos unha motocarro, que era para que se repartise cun carro e un burro. Meu home foi sempre moi traballador e eu tamén. Empecei algún negocio, compramos conxelados na Coruña, compraba peixe e vendía. Despois puxen unha tenda pequena de ultramarinos e, cando facían falla cartos para ir pagar o colexio do fillo, vendía as cousas a prezo de custo para sacar os cartos e poder pagar e despois xa volvía a comprar máis. **Norma**

Eu sempre tivera a idea, dende pequena, da costura. Entón unha señora que tamén estaba en Francia díxome: "mira, eu teño unha señora que para no meu piso na Coruña e se ti es moi mañosa vente para Coruña que eu non che vou cobrar nada. Vés para o meu piso porque eu véxote que es moi arteira e habilidosa", porque eu cosía para os franceses sen aprender nunca, pero alí é moi fácil. Entón ela díxome iso. Despois souben que había unha no Viso que era de Melilla e que daba corte e confección. Falei coa miña pícara, tiña catorce anos, díxenlle: "que che parece se aprendo a coser?", e díxome: "siiii mamá, siiii", animoume de camiño e fun. En once meses saquei o corte e xa me puxen a coser. Bueno (...) estiven desbordada do traballo que tiven. Despois mesmo din clases de corte e miña filla comigo. E así estivemos ata que eu enfermei de todo da columna que non podía xa nin andar. Fun a Santiago e dixéronme que tiña que deixar a costura si ou si

porque se non ía quedar paralítica. Deixeiina obrigada e como a miña nai enfemou tamén de demencia senil moi avanzada entón había que coidala e paramos as dúas de coser. Eu porque me tiven que operar e xa non me deixaron coser máis e a miña filla porque me tiña que axudar a coidar a mamá que eu non podía facer moito esforzo soa. Despois de alí para adiante tamén estiven feliz sempre. Á pícara tocoulle un bo home, primeiro viviron na miña casa, despois fixeron unha e fun eu con eles e estou eu con eles. **Josefa R. R.**

Cando vin para aquí puxen un taller despois de ter ao meu segundo fillo criado. Non se ganaba tanto. Despois traballei nun bar trinta anos, no restaurante e así. Disposta sempre, si. Tiven un comercio, fun modista e coidei á miña sogra, despois ao meu pai e logo á miña nai. Coideinos a todos e estou orgullosa de cuidalos e de que non lles faltara nada. Non pido que me vaian coidar a min porque os meus fillos teñen que traballar, que me poñan a unha muller que me axude e mais nada. **Lola**

Non había descanso nin dentro nin fóra da casa. Os coidados botáronselles enriba case sen poder evitalo. É certo que moitas querían, pero sen dúbida foi unha decisión forzada pola expectativa social do "ser muller", sempre cheas de cargas insostibles.

Non te das unha idea do que traballamos as mulleres porque, a min non me poñas contas, pero o de traballar, o que queiras. Sabes cando me relaxaba eu?, cando me sentaba a calcetar á noite

ELAS NO CATIVERIO DO “SEN VALOR”

As mulleres e o seu poderío é unha idea que Josefa L. P. reivindica persistentemente ao longo do seu relato. Non lle treme a voz ao poñer de manifesto a violencia invisible que sufrían as mulleres: desempeñaban un traballo inacabable que ocupaba practicamente todas as horas do día e ninguén llo recoñecía nin recibían un salario por iso. Ela deconstrúe a cada paso o ideal de feminidade que nos fixeron crer. O que conta está moi lonxe de representar ás mulleres como seres débiles ou dependentes, esborralla o mito do “anxo do fogar”. Teno claro e iso axúdanos a nós e aos nosos procesos de empoderamento porque nos ofrece modelos máis realistas das que nos precederon, incidindo na autoestima e a autonomía colectiva das mulleres.

Son reflexións que, mentres falan, imos acumulando e que nos levan, con certeza, a dous dos obxectivos prioritarios deste proxecto: equilibrar as desigualdades de

xénero e ofrecer unha Historia máis obxectiva e sen sesgos androcéntricos.

*Traballábase moitísimo: ir coller ao monte, ir buscar o carro da braña, ir quitar o esterco da cuadra, coidar os animais todos que tiñamos e mais aos críos. A muller era para todo. Con dicirche que eu tiña que madrugar para ir ao río. Cando fixemos a casa, que levabamos doce anos de casados, a primeira cousa que lles dixen aos carpinteiros foi que me fixeran un lavadoiro bastante grande no soto, que aínda hoxe o hai porque alí deitaba aos nenos e eu lavaba. Se era de noite, lavaba; se era de día, tiñaos comigo alí recollidos. Nós traballabamos en conxunto porque igual eramos dez ou nove mulleres e cativos no terreo, mesmo machigando nos cotillóns, que antes non había tractores. Pero todas as mulleres eran igual porque había que traballar, porque ademais había que ter a pataca, o maízo, o porquiño. O que podía matar un ao ano xa era o rico, o bisté comíamolo cando matabamos o porco, a froita cando a había na maciñeira, e o ovo, o que dicía María Josefa, se sobraba dos homes comíamolo as mulleres. Así era. **Josefa L. P.***

*Si, pero para os dous non había. **Inmaculada***

O home ía traballar fóra e había que cuidalo para que collera forza para traballar. Era outra maneira de vida, había que facerlles todo o mellor, sempre se cuidou moito máis ao home que á muller. Non te das unha idea do que traballamos as mulleres porque, a min non me poñas contas, pero o de traballar, o que queiras. Sabes cando me relaxaba eu?, cando me sentaba a calcetar á noite que era o único que tiña, despois de traballar. Calcetar para os meus tíos solteiros antes de casar e despois calcetaba para os fillos cando casei. Facíalles toda a roupa, entón eu nese intre de tempo era cando máis me relaxaba, ganchillaba e relaxada. Para min iso xa non era traballo e custoume moito, moito adaptarme a non ganchillar porque agora xa non o podo facer. **Josefa L. P**



A min tamén me relaxaba ganchillar pola noite e se un punto non me saía deixábao para a noite seguinte e así sacábao. **Manolita F. D.**

Machismo sempre houbo porque iso eran malos tratos, sempre o mellor era para contentar aos homes, ao marido. Tamén se pegaba, eh!, non as mataban coma hoxe porque as necesitaban, que eran as que facían fronte á vida. Se había que pedir diñeiro eran elas, era así. Non sei se era por natureza ou por que era. Eu estou dicindo que o machismo sempre o houbo. Eu non o tiveren pero houboo.

Norma

Normalmente traballaba máis a muller que o home. O home era o traballo bruto, ou sexa, de saír ao mar. Daquela nosoutras, as mulleres, non podíamos ir de patrón nun barco, de mariñeiro, ser carpinteiro ou diso. Eles facían o traballo de gañar diñeiro pero, como traballar, traballaba máis a muller. Era un conxunto de todo, traballaba as terras, o gando, criaba aos fillos (...). Era a vida. Hoxe é distinto, grazas a Dios. Son etapas da vida. **Manolita M. G.**

E que ademais de traballar ti tiñas que discorrer como facer para facer a comida, para ter algo para os fillos, para repartir aqueles cartos que había, e o home ía traballar e

ocupábase de traballar e punto. Porque é moi distinto ir traballar, chegar á casa e que che teñan o prato na mesa. Iso para min sería marabilloso. **Josefa L. P.**



E era moi ben a que podía dispoñer de que o home lle entregara os cartos, porque había os que os daba contados. O diñeiro gardábano eles e as mulleres tíñanse que amañar co que lles daba os homes. **Josefa R. R.**

E ao mellor, o home íao gastar á taberna ou con outras por aí ou sabe Dios, sempre hai de todo na vida. **Laura**

Mira, ti vas vir aquí sempre, sin cartos e con eles, cando non os haxa vés e cando os teñas vés, sen ningún problema

A IMPORTANCIA DA COMUNIDADE

Un dos argumentos que toma máis protagonismo é a transcendencia que ten a comunidade, as outras e os outros, nas súas vidas. Os vínculos sostíñanas en xornadas duras de traballo e proporcionáronlles axuda nas épocas de miseria e escaseza. Os momentos de celebración tamén formaban parte do transcorrer comunitario. Lamentan que nas sociedades actuais véxase cada vez máis esa falta de solidariedade e cooperación entre a xente.

A maior felicidade que tiveron foi que tiveron aos meus fillos. Crieinos eu dende que naceron, a miña nai darredor e meu pai tamén, que me axudaron moito e os meus sogros, os veciños todos porque daquela iamos todos para o terreo, todos xuntos. Igual eramos trece que eramos catorce que eramos dez. **Josefa L. P.**

Aquí, en Espasante, hai moita unión. **Josefa R. R.**



Todos a segar, todos a coller as patacas ou todos a coller o que houbera que facer. Todos axudabamos, uns aos outros e eu creo que era mellor a vida daquela cá de agora. Había máis sociedade. Tamén había máis xente, máis nenos, máis de mediana idade e máis maiores. Porque en cada casa igual había os avós, os fillos e os netos. Estaban todos alí, entón había moita unión na xente, moita. E traballabas moito pero non che custaba traballo. **Josefa L. P.**

Traballabas con alegría, claro e con bromas e todo!

Josefa R. R.

Eras nova, servíanos coma diversión, a pesar do traballo que pasabas servíanos coma unha diversión. Levábase merenda, o que había. Igual había un roxón porque matabas un porco ao ano, con pan ou con patacas cocidas, o que fora. E acórdome que antes sempre se levaba unha copiña de anís que era do corrente. As copiñas eran así (establece a altura coas mans) para tomar tamén. Con dicir que nos servía para relaxarnos, a pesar de estar traballando. Para relaxarte e xa digo (...) coma todo o mundo, loitando pola vida e por desempeñar a casa. **Josefa L. P.**

Josefa R. R. lembra a xenerosidade nun dos momentos máis difíciles da súa infancia.

Os do ultramarinos que había enriba foron os mellores do mundo para nosoutros. Aínda sen ir alí, porque eles xa sabían o que pasaba con nosoutros. Acórdome do día que se foi meu irmán para Santo Domingo. Ese mesmo día mandáronme chamar, ela e mais el (os donos) e pasáronme para a cociña e dixéronme: "mira, ti vas vir aquí sempre, sin cartos e con eles, cando non os haxa vés e cando os teñas vés, sen ningún problema". Ti sabes o agradecemento que me quedou a min con aquela xente? Que nunca puiden ir a eles aínda que me pedira o corpo ir. E díxome: "aquí non hai problema ningún, e disllo á túa nai da miña parte, non hai problema ningún, non quero que pasedes necesidade porque teu irmán non poida mandar nada". Pero non mo dixeron de alí a moito tempo, dixéronmo o día que se foi mesmo e iso é moito de agradecer.

Josefa. R. R.

Non tiña ganas de casar pero como na vida que tiña non gañaba un peso e xa estaba cunha vida coma se fose casada, decidín casar

MATRIMONIOS E AMORES

Como foron os seus matrimonios? foi outro dos contidos que abordamos aínda que non nos detivemos demasiado niso porque sabemos que, en moitos casos, levaríannos ás biografías dos outros máis que ás súas propias. Isto pásanos frecuentemente ás mulleres, afastamos o foco dos nosos logros e dirixímolos cara a quen nos rodea, moi a miúdo, cara aos homes que nos acompañan.

Casei aos vinte e un, e bueno (...), eu xa estaba cunha vida como se fose casada, con dúas vacas, muxíndoas pola mañá, levantándome, encaldándolas e dándolle a todo e levándolle o almorzo á cama á miña avoa e así. E claro, non tiña ganas de casar, non, pero como na vida que tiña non gañaba un peso e xa estaba cunha vida coma se fose casada, así decidín casar. A verdade é que desa época as lúas de mel que tiñamos era ir visitar os portos porque o demais durante corenta e dous anos da miña vida que el botou fóra, eu o que fixen foi traballar e mirar dos cativos.

Josefa L. P.

Josefa L. M. participa na conversa porque quere expresar todos os tempos fermosos que compartiu co seu marido, aínda que xa non esté. Os momentos nos que gozaban das festas, de ir faenar ao mar xuntos, ela di: "iamos os dous e víñamos os dous, e eu perfectamente". Cóntanos que a vida lle foi ben ata que lle morreu no mar. Despois ela non deixou de loitar, esta vez sen el. Agarrouse forte á súa esperanza e sorteou as dificultades co agarimo da familia e amigas que a rodeaban.

Norma escoita ás súas compañeiras e intervén, quere relatar a modo como foron eses anos para ela, inmersos en sucesos ilusionantes e noutros cheos de dor.

Cando coñecín ao meu home acababa de ter o loito por unha irmá que me morreu. Casei aos dous anos de coñecelo, casei moi namorada del e el de min tamén. Non tiñamos proxectos de vida pero empezamos. Na vida da casa tivemos moito que loitar, eh! Morreunos unha filla con vinte e nove anos. Mentres viviu meu home sufriu comigo porque el estaba sufrindo tamén pero sabíame evadir da miña dor. Iso foi un pao moi grande e despois fomos indo, pero agora vai facer once anos que morreu e bótoo moito de menos, moito. Norma

Entre todas as voces escóitase a de Manolita M. G. cos seus pensamentos sobre o amor e os matrimonios, ideas que a trasladan á súa nenez. Ela inicia, porque é inquieta, unha reflexión sobre o "querer de nai" e "o querer de parella". Resúltalle duro aínda, polo que expresan as súas palabras, o comentario que con frecuencia lles facía a súa nai.

*A miña nai sempre traballou moito e tivo a aspiración do seu marido, "o seu Pepe ante todo". Eramos tres irmás e sempre nos dicía dende que teño uso de razón: "miñas filliñas, quérovos moito pero polo meu Pepe as tres nun cesto". El morreu moi novo cando a miña nai tiña trinta e un anos. Cando casei e tiven fillos eu pensei moitas veces: "eu ao meu marido non o quero como quería miña nai ao seu, de verdade". Porque a min dinme: "deixas ir aos tres fillos", ai non!, tampouco se debera ter que elixir porque, por sorte ou por desgraza, coñezo as dúas faltas. Con trinta e oito anos morreume un fillo e despois, ao ano e medio, morreume o marido. Son cousas distintas, son dores distintas. **Manolita M. G.***

Máis dor se sente por un fillo, máis falla che fai un marido.
Norma

*Perdoade un momentíño pero se o vemos dende ese punto de vista é egoísmo. **Manolita M. G.***

Eu necesitaba máis ao meu marido hoxe, máis que nunca.
Norma

*É por necesitar, non por agarimo, entón? **Aurora***

*Iso que é entón?, egoísmo. **Manolita M. G.***

*Non, é que é fundamental ter compañia. **Norma***

*Iso para min é egoísmo persoal. **Manolita M. G.***

*O fillo tivéchelo nas entrañas, paríchelo e criáchelo e é outra cousa, non compares. **Norma***

*Son cousas distintas. **Manolita M. G.***

Atrévense a cuestionar o amor, o que sentían as súas nais e o que senten elas. Queren ser xustas tamén coas súas necesidades máis profundas. Os afectos e a intimidade son dous eixos incuestionables para o benestar das persoas e poder confesalo tamén.





Miña sogra cando quixo traelos para a súa casa un dos seus fillos xa non quería volver con ela

FILLAS E FILLOS QUE CRIABAN AS OUTRAS

A algunhas criáronas outras: avoas, tías ou veciñas, e ás fillas e fillos de moitas delas tamén. Foi como unha cadea invisible, interxeracional e de axuda entre mulleres.

O peor que tiven foi non poder vivir cos meus pais na miña nenez, fun para a casa dos meus avós e eran moi bos; e despois deixáronnos cuns tíos que eran maiores e xa. Non estaba tan contenta como cando estaba con miña irmá e miña nai. Porque chegabas á casa e non podías chamar por "mamá". **Norma**

Pero daquela, Normita, eu non sei o que era, había moitos, moitos matrimonios que daban os fillos a criar.

Josefa R. R.

Miña sogra, por exemplo, tivo seis fillos naqueles tempos. Non tiña ao home, tamén andaba ao mar, entón tiña uns irmáns en Loiba que non tiñan fillos e valíanse mellor.

Entón dixéronlle que llelos deixaran, que llelos criaban eles e deixoulles dous en Loiba. O meu estivo en Loiba. Despois miña sogra cando quixo traelos para a súa casa, un dos seus fillos xa non quería volver con ela, eh!, estaba alí cos tíos encantado. **Laura**

Despois cando os nenos eran pequenos quedábanme con eles porque, como acabo de dicir, todo era unha unión. Pois eu igual deixaba o neno máis pequeno coa miña nai porque me era máis neneira e era máis achegada a min. A miña sogra non é que fora mala e eu nunca tiven nada malo con ela e estivemos vivindo xuntas, con ela, cada unha na súa vida pero xuntas, pero non era, como che hei dicir, tan doída porque miña sogra estivo sempre co seu home, non sabía o que era estar sen el. **Josefa L. P.**

Aurora e Lola tamén tiveron que deixar ás súas fillas e fillos aquí cando emigraron, a colaboración e o apoio en feminino foi fundamental para a sustentabilidade das súas vidas.

Daquela a maioría tiña doce, trece e por aí. Eu o porque, non o sei

CONTROL DOS EMBARAZOS

A crianza que as precedeu e as súas propias maternidades lévannos a reflexionar sobre o poder de decisión que tiñan á hora de quedar embarazadas. Moitas tiñan fillos e fillas que non podían alimentar, que non tiñan tempo para criar. Ademais, a propia xestación entrañaba un risco e un esforzo físico que era perigoso asumir, aínda máis en tempos de pobreza e fame negra.

Si, si, si era verdade, tiñan moitos. Sempre! **Josefa R. R.**

Había mulleres que tiñan nove fillos. Era como podían. **Josefa L. P.**

No caso da miña casa, meu avó era coma se fose un cura, era "santilorio", madre de Dios! Entón se te aconsellaban o que tiñas que facer para non traer tantos era un pecado mortal, un pecado mortal. Antes había que ter os fillos, "o que Dios dea". Era así. **Josefa R. R.**

Daquela a maioría tiña doce, trece e por aí. Eu o porque, non o sei. **Laura**

As súas intervencións son desordenadas, todas queren recalcar como o vivían, de que información dispoñían e que tácticas escollían para previr posibles embarazos. O diálogo é despreocupado e en clave de humor, provócalles risos, á fin e ao cabo, non lembran ter a oportunidade de falalo. Iso antes non se facía.

Para nós non era así, non era como para os nosos avós que tiveron tantos. **Lola**

Que como o faciamos? Marcha atrás, apartabámonos, o que podíamos! **Todas**

Eu cando tiven a primeira filla foi querendo, eh! **Lola**

Ai!, iso si. **Norma**

Si, a miña primeira filla tamén foi querendo. **Inmaculada**

Dicíamos marcha atrás e listo. Entón, eu por exemplo, en Inglaterra, se podía ser non quería ningún e resulta que cando cheguei alá fóiseme a regra porque debeu ser o

*cambio, e aos seis meses pensei que tiña que vir para España, ai, que desgusto! Fun a un sitio de teas e comprei un mandilón para facer porque dixen: "nada, xa é iso". Bueno (...) pois téñome que ir pero bueno fun ao médico e díxome: "non, non estás embarazada", fixéronme análises e todas as cousas e dixo: "é o cambio". Despois cando vin para España quixen ter outro fillo e así foi, quedei embarazada e aos dous meses e pico perdino, o porque non o podo dicir porque non o sei. Foi así. Despois tiveron outro fillo e contenta e feliz, iso nin que dicilo. Pois ala, volta á marcha atrás. **Lola***

*E que antes non existía a píldora cando eu casei, eh!
Inmaculada*

*Preservativos si que había. **Lola***

Preguntámoslles se entre as amigas e as mulleres da familia compartían estratexias para evitar consecuencias difíciles de asumir.

*Cada unha facía o que podía. **Inmaculada***

Cando foi do terceiro veu o médico á casa, o "Cordobés". Axudoume moito porque eu non sabía e díxome: "tes tres". Así mesmo, eh!, "unha píldora e acabouse porque ben che

*chega", el ben sabía a situación, ben sabía como era. Ai, si nena!, pero como da píldora un dicía que saía mal, outro tamén, quen a tomaba? **Josefa L. P.***



*Non era verdade iso, pero bueno. **Inmaculada***

Se non había quen che explicara como era debido, dicir que non pasa nada, náceche un sen dedo e foi da píldora! Entón eu xa non a tomei, eh!, de ningunha maneira. Habían vir os que viñeran; apartarse cando se puidera.

Josefa L. P.

De traballar o que fora, pero o non saber, sempre tiven moita mágoa por iso

O EMPEÑO EN QUE ESTUDARAN

Elas podían ignorar ou dubidar acerca de cuestións como as que se referían á súa saúde sexual e reprodutiva, pero do que si estaban seguras como nais era de ofrecerlles aos seus fillos e ás súas fillas a posibilidade de labrarse un horizonte académico. Querían que estudasen, que tivesen un porvir mellor que o seu, valoraban o coñecemento e a autonomía.



*Cando tiven á miña filla non quería que fixera máis nada que estudar porque eu traballei moitísimo. Fun ao estranxeiro e traballei de sol a sol, máis que de sol a sol. O traballo nunca se me botou enriba nin aínda que limpara váteres nin que fixera outra cousa, pero non saber cubrir un papel, que claro, non era a mesma lingua, e non saber cousas que necesitabas iso si que me faltou moito. De traballar o que fora, pero o non saber, sempre tiven moita mágoa por iso, moita e fixen moitos esforzos porque eu cando viñan as cartas e os documentos que viñan en Francia, non os sabía escribir pero sabíaos ler. **Aurora***

*A miña filla sobre os catorce anos deixou a escola porque xa podía máis a idea do mozo cá dos estudos. Quedou en terceiro de Bacharelato. Eu sentino moito pero bueno (...) era a decisión dela e non se arrepentiu nunca, el era bo home, en fin. **Josefa R. R.***

A pícara era moi estudosa. Entón, cando chegou o momento de facer unha carreira dixémoslle que podía vir facela a España porque claro, ela foi para Francia non por vontade propia, foi cousa nosa. Eu sentíame culpable de que marchara a outro país estranxeiro sen saber nada de aquí (referíndose a España). Ela fixo Ciencias Empresariais e o máster fíxoo fóra, noutro país. Cando acabou a

carreira traballou en Francia cinco anos pero despois bus-
cárona para ir traballar a Madrid e foise. Ela xa estaba en
Madrid cando dixemos nós que volvíamos. **Aurora**

LÍMITES DE SER MULLER

Unha gran cantidade das opresións que habitaron ti-
ñan unha causa común: ser muller(es). Elas insisten
en explicarnos "era outra época, outra sociedade" e
nós, escoitándoas, facemos un esforzo por devolverlles
unha certeza xusta: nomear(lles) o invisible.

As relacións sentimentais son o eixo que atravesan
nunha ou noutra dirección moitos dos seus sentires.

**Había algúns que deixaban a noiva embara-
da por satisfacer aos compañeiros para que non
riran deles**

MOCEAR OU ABUSAR?

Falar de amores e de noivos sempre esperta algún so-
riso e mesmo gargalladas entre as asistentes. Volven
a lembranzas de adolescentes: cantos tiveron, como
foi o comezo do idilio e as oposicións familiares son do
primeiro que nos contan. Aventúranse a comparar o
pasado e o presente, o certo é que non todo era tan bo
antes nin todo é perfecto agora.

*Eu vexo que hoxe a xuventude leva outra vida que non le-
vabamos nosoutras daquela. Nosoutras daquela tiñamos
un mozo, por exemplo, e se tiñamos a mala sorte de que
non nos quixera, que nos deixara, xa outro non miraba
para nós. Pero hoxe teñen un mozo, déixanse e dentro de
tres días xa teñen outro e xa non teñen problema. E iso é
unha cousa boa. E se deciden estar soas tamén.*

Josefa R. R.

*É que agora teñen os mesmos dereitos. **Norma***

*Eu empecei co meu home aos doce anos, el tiña dezaseis e miña nai non quería. Se miña nai non me dixera nada, tíñaos mellores ca el porque eu daquela era moi guapa, pero como miña nai non o quería, eu quería. El era de xente rica e eu non. Meu pai tiña cartos daquela cando estaba en Venezuela pero nós non eramos de xente rica. Entón claro, levaba paos espesos dela. Chegou un momento que estabamos "no paseo" e el quería vir á casa comigo pero no paseo non quería estar, entón deixoume e marchou porque tiña mozas por todos os sitios. **Inmaculada***

*Iso chamábase ir mocear, ían ás parroquias das chavalas e estaban con elas no paseo. **Laura***

Indagamos no proceso no que elas e eles se coñecían, queriamos saber como o facían e que tipo de vencellos se establecían nos espazos "amorosos".

*Había algúns que deixaban a noiva embarazada por satisfacer aos compañeiros para que non riran deles. **Josefa R. R.***

A masculinidade era e é símbolo de poder e violencia. Aqueles homes que non actuaban dende esa posición eran penalizados e humillados por amigos e compañeiros militantes dese movemento. O mandato masculino de xénero empuxábaos mesmo a cometer viola-

cións que nunca se visibilizaron como tal. Os coidados, a empatía e o respecto aos tempos, no universo dos afectos, representaban pegadas de debilidade que non se podían permitir o luxo de encarnar, pesase a quen lle pesase.

*E mais que non fora cedo para xunto dela. **Josefa L. P.***

*Tamén, tamén (...). **Todas***

*Se ía cedo para xunto dela despois os amigos facíanlle o corro. **Josefa L. P.***

*Por exemplo, o bo era ir de última hora, é dicir, ir para xunto da noiva antes de ir á casa. A ver se lles tocaba algo. Entón ao que ía cedo facíanlle o corro. Se ía a primeira hora elas estaban perfectamente e decidían elas, pero se, por exemplo, ían máis tarde na noite xa non, así podían facer eles o que lles dera a gana. **Josefa R. R.***

*O que ía cedo, mandaba ela, dominábao. **Norma***

*Claro, era por iso. **Todas***

*Moitas veces era contra a vontade deles porque había moitos que deixaban a moza embarazada e non querían facelo, era para ser máis homes e darlles a satisfacción aos amigos. **Josefa R. R.***









Nunha festa dunha parroquia de aquí ao lado había una parella que eran mozos. Entre todos os amigos apostaron unha botella de coñac a que non ía xunto da moza tarde cando fora marchar para a casa. Pero nesa taberna estaba o pai da rapaza e oíu a conversación. O padre chegou á casa e non volveu deixar saír á súa filla porque soupo que el apostara, efectivamente, que non ía xunto dela ata que xa se fora marchar. A ela encerráronna na casa. Despois levárona coma quen leva aos becerros, nun dos coches que se levan á feira e mandárona lonxe de aquí. **Norma**

As súas historias estremécennos, o motivo de moitos embarazos non desexados eran os abusos que se producían. A limitación das mulleres para ocupar certos espazos como os bares e as rúas para evitar ser agredidas lémbra-nos que isto aínda sucede hoxe.

Eu sempre dicía: prefiro que me veña buscar á casa e non que me veña traer. **Norma**

Eran uns tempos que non podemos para nada comparalos cos de agora. Porque foi un cambio tan brusco, de ser unha vida a outra. **Manolita M. G.**

Xa non ías a nada. Eras mal vista por todos

SER NAI SOLTEIRA OU FILLA DELA

As súas vidas son semellantes, comúns. Son mulleres que comparten unha parroquia, unha época histórica, unha clase social e, en moitos casos, experiencias similares. Unha das que rescatan algunhas é a pegada da deshonra por ter sido "filla de solteira".

Son filla de madre solteira, crieime cos meus abuelos. Meu abuelo morreu cando tiña eu cinco anos, cousa que sentín moito porque estaba con el sempre. Tiven bastante boa vida porque me mandaron á escola ademais de todo o traballo que facía. **Lola**

Pois eu, máis ou menos, como as demais desa época. Tamén son filla de solteira. Mamá pasou moitos traballos, ela era soa e facía todo para poder saír adiante. Ela, dez anos antes ca min, tivera outro fillo e el despois ía á louseira, era o que gañaba algo. Pero de comer, o único que podía xuntar era para el, para que tivera forciña para traballar na louseira. Pasamos moita necesidade.

Josefa R. R.

Falamos con elas sobre as dificultades que implicaba ser filla de solteira e dos posibles estigmas que lles impoñían, a diferenza do resto das nenas.

*Eu nunca notei unha diferenza por ser filla de nai solteira porque naquel momento había moitas. Non era coma hoxe, naquel momento había moitas mulleres que tiñan aos fillos soas, así que non era unha excepción. Por exemplo, cando miña nai deu a luz, despois do mesmo señor, que non era de aquí, había outra rapaza do Barqueiro embarazada por eso mesmo. É que claro, a xuventude non se coñecía tanto como agora así que non sabías se tiña moza noutro lado ou se non a tiña, cando o soubo eu teño visto a miña nai chorar. Cando soubo que casara con outra muller. Iso claro (...) chégache, a vida dela terminou para sempre, para sempre. **Lola***

*A ver, se antes tiñas un fillo de solteira eras unha puta. Estabas mal vista, agora téñenos así e non pasa nada. Xa non podías ir a un baile, xa se che acababa a vida para sempre. **Laura***

*Xa non ías a nada. Eras mal vista por todos. **Inmaculada***

*Nunca máis volvías saír da casa, non ías ás festas, nada! **Todas***

Era ser "filla de puta", e non era máis que dun home.

Norma

*É certo, si. **Todas***

*Se contamos a verdade, contamos a verdade: os ricos tiñan queridas e os pobres ían con putas. Os ricos tiñan as súas señoras que eran ben educadas pero pasábano ben coas outras. **Norma***

*Iso era demasiado, había moitos deses. **Laura***

*Moitas mulleres tiveron fillos de solteira pero porque non tiñan opción. Vouche dicir unha cousa. Eu coñecín moitas mulleres que tiveron fillos de solteira polas circunstancias que foran que viñan á cociña de miña nai que era o pano de lágrimas do pobo. Ían contarlle as súas miserias e as súas cousas e miña nai sempre lles daba ánimos. Despois sempre dicía: "madre mía, que desgraciadiñas son", non dicía "que malas mulleres", e tiveron uns fillos que máis quixera eu ter eses fillos de como trataban de ben ás súas nais. A vida era así polas circunstancias, entón aguantabamos, xa foron outros tempos. **Manolita M. G.***



É que é moita tensión a que temos, a que tiñamos e a que aínda seguimos tendo agora

ENFERMA DOS NERVIOS: A OPRESIÓN ENCARNADA

As mulleres enfermamos máis porque ocupamos a cadeira de brazos preferente da desigualdade. O feminino non ten valor, non existe. Nesa asimetría vémonos dependendo dos "outros" para pensarnos, vivirmos e gozarnos. Experimentamos unha necesidade de compartir as alegrías e as tristezas, porque aprendemos que só existen cando alguén as valida escoitándoas, coma se dalgunha forma non tivéssemos as capacidades e os recursos para afrontalas e habitalas soas. Como explica Marcela Lagarde y de Los Ríos, a desolación é sinónimo de sentir unha perda irreparable e sobrevivénnos cada vez que quedamos soas, é o medo á liberdade, a tomar decisións, á soidade.

"Estar enferma dos nervios" é unha frase que repetiron sucesivas veces durante as nosas xuntanzas con elas e responde, primordialmente, a dous factores: á desolación que senten e ás violencias invisibles que percorreron as súas vidas. O menosprezo ao seu traba-

llo, a falla de remuneración económica, de autonomía, o mandato dos coidados e o seu non recoñecemento, as maternidades, o peso da supervivencia dos outros son algunhas das causas desta doenza reiterada.

*Ás veces son positiva e ás veces non porque eu estiven dos nervios enferma cando tiña trinta anos. Estiven moi mal entón aínda de cando en cando teño algún brote que eu, é para min mesma (...). Para os demais eu son positiva e dígolles a todos que todo pasará e igual cando eu estou soa, se estou así moito soa, pois para min non o son (...). Penso cousas que non debo de pensar, grazas a que teño a alegría dos meus fillos, dos meus netos, do meu home, de todos. Bueno a miña filla xa é á que lle digo, se me da a gana: "ai!, teño un día malo hoxe", e contéstame "bueno mamá arriba", e xa está, imos indo. **Lola***

Profundizamos con elas en como é ese padecer e en cal é o seu significado.

A ver, eu non sabía o que era. Cando eu estiven dos nervios fun ao médico particular porque a min doíame o estómago e a comida non me paraba no estómago, entón devolvíao todo. Pesaba cuarenta e seis quilos así que moi ta cousa non era e todos me dicían que era gastrite. Entón

dábanme as pastillas para a gastrite e cada vez eu ía a peor ata que despois me dixeron dun médico en Santiago e empezou a darme unha pastilla para os nervios. Eu dicíalle ao meu home: "eu quero morrer porque non quero estar así porque vos dou traballo". El dicíame: "se non tes nada, non é nada". Eu penso que eu tiven un desgusto porque claro, eu deixei á miña filla aquí e despois caín embarazada e perdino. E foi a raíz diso e tiven medo porque igual non comprendín o porque. **Lola**

Eu xa levo moitas, agora mesmo estou mal. **Inmaculada**

E que xa lles tes tanto cariño que non as deixas ir.

Josefa L. P.

Todas rin con cariño ao escoitar a ocorrencia de Josefa L. P. As complicidades establécense entre elas tamén dende o respecto e o humor. Apórtanse doses de liviandade en momentos de aflición.

Eu cheguei de Bélxica e caín en depresión. **Inmaculada**

Foi porque estabas moi contenta alí e non viñeches de boa gana. **Josefa R. R.**

Non, non vin. Tiña a miña casa aló e tiña as miñas amistades aló, tiña todo. Meu home quixo vir porque tiña moito capital en Loiba. O médico díxome que fora traballar á horta, que nunca traballara na miña vida nela, e pasoume a depresión. E despois aínda fixen outra depresión cando me morreu meu irmán, e agora estou facendo outra moi grande. **Inmaculada**

As outras e os outros son o alicerce fundamental nas súas biografías por diante mesmo delas. Josefa L. P. explica como tamén deixar de traballar, de sentirse útil, foi probablemente o motivo que máis influíu no seu desánimo.

O mundo trae e tes que convencerse. A min custoume máis caro non traballar que traballar todo o que traballei toda na miña vida. Eu tiven depresións, tiven nenos e tiven de todo. Cando vén, cando teño morriña que eu non podo comigo, como che hei dicir: "ter alegría, faigo por tela e faigo por vivila", porque recapacitei que senón morro. Porque me desenganei, eh! **Josefa L. P.**

Levo trinta e cinco anos con antidepressivos e teño que seguir tomándoos para sempre. **Norma**

Mira, Normita, todas tivemos que tomar antidepressivos pero hai que ter afán de deixalos. **Josefa R. R.**

Non poido, non poido. **Norma**

Si que podes, si que podes, si que podes, Norma. Eu tiven que deixalos eu soa para poder traballar. **Josefa R. R.**

Eu se non os tomase non traballaba porque non me levantaba da cama. **Norma**

Especulan, mentres conversan, sobre a razón que se agocha detrás dunha enfermidade que sofren principalmente as mulleres.

Somos as mulleres as que levamos máis a carga da vida porque somos nosoutras as que dispoñemos, ordenamos, administramos, case todo sempre é cousa da muller.

Laura

As mulleres teñen todas as responsabilidades. **Norma**

Porque as mulleres sempre están a pensar nos demais.
Todas

Pero é por iso ao mellor polo que di Laura, porque temos toda a carga da vida pero as que quedamos soas moito peor, e eu cando me fun levei unha crise pero bueno (...). Eu con esa crise non podía, non podía estar. Así que tentei traballar todo o máis que puiden para estar entretida.

Josefa R. R.

A muller tiña que ir traballar fóra, tiña que lavar a roupa aos fillos, tiña que ver de mandalos limpos ao colexio, tiña que mirar de facerlles a comida, tiña que atender animais e tiña que mirar de repartir os cartos porque non había como agora; e despois atender ao home porque viña de traballar. Ti se vas traballar terás a présa de dicir: "eu teño que acabar isto", pero é moi distinto que esteas pensando no traballo nun cento de cousas, na vida e en todos os que te rodean. Entón a enfermidade é da muller. **Josefa L. M.**

E de paso eran as que lles tiñan que dar unha chapeada aos fillos e despois preferían aos seus pais. **Norma**

Si, estabas en tensión, en tensión. **Josefa L. M.**

Falan do importante que é estar a facer cousas para distraerte, para non pensar porque iso é, dalgunha forma, a súa cura.

*Eu non pensaba nas enfermidades, eu pensaba no que tiña que facer. O traballo das mulleres non, non, non tiña valor para nada. **Josefa L. M.***

*Iso tamén esperta as crises que non cho agradecen. Que che digan que fas, non fas nada no día! **Josefa R. R.***

*Facías moito pero non vías un peso. **Laura***

*Claro, claro, é certo. **Todas***

*É que é moita tensión a que temos, a que tiñamos e a que aínda seguimos tendo agora. **Josefa L. M.***



A xustiza se me din que non a hai créoo poque non é razonable. Que está a favor da muller? Non, iso non a hai

VIOLENCIA DE XÉNERO

En cada sesión asombrabámonos pola capacidade que tiñan para saltar dun tema a outro. É certo que todo tiña un tapiz común, os seus sentires de muller. Así que elas falaron tamén do efecto máis devastador ao que estaban e estamos expostas, a violencia de xénero. Nun marco de paralelismo entre pasado e presente achegaron as súas percepcións e expuxeron as súas demandas, querían falar sobre iso.

*Eu vino, estando embarazada da miña filla, vin como saía unha muller sangrando por aquí e el dándolle patadas. Pero había máis que calaban, as que máis, pero era a vida daquel momento. **Norma***

*Eu son contra das mulleres por un lado porque co conto de que traballan, que estudan, pois enfádanse unha vez co home e xa se separan. Eu estaría separada corenta veces ou cincuenta veces. **Inmaculada***

Contribuímos ao debate para cuestionar se, como di Inmaculada, a causa das separacións son elas.

As mulleres agora teñen moita liberdade, cousa que non tiñamos antes. **Inmaculada**

E o home tamén. **Josefa L. P.**

O que pasa agora é que a xustiza tamén está moito a favor das mulleres, demasiado, e o home sae prexudicado.

Laura

É verdade, é certo. **Josefa R. R.**

Laura, e mais son elas as que van para o cemiterio, mira como a xustiza as defende, mira canto as defende.

Josefa L. P.

E están aumentando os asasinatos, eh! **Josefa R. R.**

Asinten.

Pero é por iso porque din: "antes de que me leve todo, mátoa", porque a xustiza está moito en contra dos homes.

Laura

A xustiza se me din que non a hai créoo porque non é razoable. Que está a favor da muller? Non, non a hai.

Josefa L. P.

Antes discutíamos, acórdome eu que pasaba unha semana sen falar co home, pero despois cando tiña vinte e cinco e trinta anos aprendín para non discutir, aprendín a poñer todo no seu sitio como el quere. **Inmaculada**

Despois hai outra cousa, os homes están afeitos a ser machistas e a min tamén (...), porque a min se non me gusta un home non teño porque aguantalos e el ten que aceptar que non o quero, por que me vai matar? **Josefa L. P.**

Josefa L. P. e Josefa R. R. apelan á imposibilidade de solicitar o divorcio naquel entón. Explican ademais que o que pasaba era que o marido as anulaba ata o punto de considerarse elas mesmas culpables das súas reaccións violentas. O que din colócanos bruscamente no presente de tantas relacións, décadas e décadas despois. Como manifestan, a independencia económica foi e é decisiva, entre outras cuestións, para deixar atrás relacións de violencia.

Aquí empezaron a separarse os altos, os ricos porque antes non nos separabanos porque era unha vergonza, ademais de non se poder porque se ti tiñas tres fillos con que os ías manter. **Josefa L. P.**

Nalgúns casos a lei do divorcio está ben porque, antigamente, ti sábelo coma min, que había homes que maltrataban ás mulleres, dábanlles paos ata morrer, eh!, e tiñan que aguantar con eles toda a vida. **Josefa R. R.**

Tamén tiñan que aguantar porque non había outra solución, non tiñan con que manterse. **Josefa L. P.**

María Josefa, eu coñecín matrimonios nos que o home lle pegaba á muller pero como soamente tiñan dúas vacas non tiñan máis nada, enténdesme, eu pódoo dicir ben, eh!, por favor. **Lola**

Entre a vergonza (...) e que non tiñan defensa. **Josefa L. P.**

Houbo tamén aquí ao lado unha que quería separarse. Oi-che, dáballle paos ata que se satisfacía. A nai del estaba na casa de en fronte, atravesaban un corral e xa era alí. Un dos días, porque isto era sempre, a sogra viuna pasar toda mazada e foi xunto dela e díxolle: "a ver muller, que

problemas tedes e por que che pega tanto?". Ela contoulle todo, entón a sogra díxolle: "mira, vas facer o que che mande eu, cando che empece a pegar ti vai de cu cara á lareira, colles o tizón máis grande que teñas e dáslle por onde lle cadre". **Josefa R. R.**

Si, si, si, iso!, iso é que lle dera, que lle dera ben! **Norma**

Queimouno enteiro! **Josefa R. R.**

Fixo ben! **Norma**

Cruzou toda a horta, o home foi correndo dicirllo a súa nai e ela contestoulle: "bendita ela que a mandei eu!".

Josefa R. R.

Que sogra! Claro que si! **Todas**

A sororidade, a alianza e o irmandamento entre mulleres, tamén nas épocas ás que se remontan os seus discursos, faise visible nesta historia. Xuntas subvertiron as violencias exercidas polos homes nas súas comunidades máis aló da relación familiar que houbese en xogo.



Tamén antes pasabamos e se alguén che botaba unha gabanza para min non era un problema, ao contrario, hoxe se che botan un piropo (...). **Laura**

Xa, pero tamén os había tocóns, eh!, había que miralos seriamente á cara para que diran a volta. **Josefa R. R.**

Pero botábalos ou apartábaste e non era un problema. **Laura**

Bueno (...) botábalos pero igual non o conseguías ou igual xa non volvías ao baile preto do rapaz. **Lola**

Si pero tamén os había que se te separabas dábanche unha labazada, habíaos, eh! **Josefa R. R.**

Eu vexo, que me parece moi ben, que hoxe hai liberdade sexual e ten tanto dereito a muller a ter ganas coma o home. Agora é respectarse e se non queres, non che apetece, a min no me tocas. **Norma**

Eu creo que a metade das maldades, e iso apréndenas nas películas e nos xogos que son moi violentos, a metade apréndese aí e despois o resto é o que che dixeran antes. **Laura**

Xa se sabe que cando estaba Franco non era ben, pero mandábanos a traballos forzados. **Lola**

E que cando estaba Franco non mataban así ás mulleres. **Inmaculada**

Si que as mataban pero non estabamos tan informados. **Josefa R. R.**

As mortes habíaas igual. **Josefa L. P.**

El está xubilado, eu non, que non paguei. Tamén teño os anos da xubilación pero non coticei e agora non cobro

COTIZACIÓNS COMO DEREITO DE AUTONOMÍA

En diferentes momentos, ao longo das sesións que tivemos con elas faláronnos en máis dunha ocasión da preocupación que tiveron sempre por ter unha pensión. Inquietábaas cando empezaron a súa vida laboral de mozas ou mesmo de nenas.

O soño ao que aspiraban era difuso porque as súas "industrias" a miúdo alimentaron a economía doméstica e a economía mergullada do país, do seu e do que as acolleu. Non "as declaraban" así que o traballo que realizaron nas súas casas e fóra delas non aparecía nas estatísticas oficiais. O estado nunca soubo o que produciron, coma se as súas ocupacións e a súa contribución non existisen a ollos da sociedade.

E elas perseveraron porque querían ter un bo retiro, desexaban ademais de saúde e compañía, independencia económica. Case todas o conseguiron, algunhas como Laura lamentan nas nosas conversas non empeñarse en cotizar.

El está xubilado, eu non, que non paguei. Tamén teño os anos da xubilación pero non coticei e agora non cobro.
Laura

No restaurante non te declararon? **Josefa R. R.**

Non porque eu quería ir á Coruña cando viña Pepe e alí non se podía faltar. Se te aseguraban non podías faltar cando querías e eu quería estar libre. **Laura**

Eu coticei dezaseis anos, traballei vinte pero cinco estaba cotizando meu home pola tenda. **Norma**

Meu home díxome: "váleche máis non pagar porque isto non che sei como vai acabar. Ademais se morro eu, quédate a miña que ben che chega e se vivo, xa nos afaremos para ir amañando". E así estamos. Eu vou as caricolas que gaño moito (bromea). **Laura**


É unha axuda, si, é unha axuda. **Todas**

Rin todas xuntas, aproveitamos a ocasión para deternos no que nos acaba de contar. Preguntámoslle polo traballo de caracoleira, supoñemos que as ganancias son anecdóticas pero polo menos é un ingreso directo para ela.

Somos poucas agora as que imos por eles, cada vez menos. Aquí son moi bos, vendémolos a un señor da Coruña, mándaos para Madrid e Barcelona. A nós non nos pagan nada pero véndenos carísimos. Fanos en salsa. Collemos os grandes e duros. Cando chove saen máis, agora que está seco non saen. Saen á noite e á mañá e logo vén o señor unha vez á semana ou cada quince días recollelos. Fíxate, este señor páganos dous euros o quilo. Hai que andar moito e anicarse moitas veces. **Laura**

Eu pola mañana collo un quilo ou dous. Eu madrugo e cólloos que son capaz de baixarme, agáchome sen problema e logo doullos a Laura. **Inmaculada**

Aquí non os cociñamos. Non me apetece. O meu marido cando foi ao mar, estivo por alá polo sur e comíanos, dixo que estaban buenísimos. Agora tamén os traen de Arxentina e son máis baratos. **Laura**





CULTIVANDO O
PRESENTE

CAP. 6 | CULTIVANDO O PRESENTE

O meu maior pracer é iso: xuntarnos, xogar á baralla, comer, beber e divertirnos

A VIDA AGORA

Regar, coser, pasear, xogar, cociñar, bailar, acoller, elas son mestras do presente. Non habitan no onte aínda que, ás veces, aparece sen avisar, e elas déixano pasar, non teñen o costume de deixar a ninguén fóra. A nostalxia é o seu cordón umbilical cun pasado do que aprenderon e que queren lembrar. Adoita chamar á porta en momentos de ensimesmamento e soidade, traendo historias de persoas que quixeron e que xa non están, aínda que elas saben que é só unha percepción, séntenas preto e iso reconfortaas.

Biografías resilientes que a pesar das dificultades vividas, "a alegría fan por tela e por vivila" como nos dixeron nunha ocasión.

Hoxe dedícome os meus labores que é o que me gusta e á miña casa. E bueno (...) plantar na terra pementos, tomates, unha leituga e o que faga falta. E co meu home, feliz entre os dous, un día discutiremos e dentro de media hora xa estamos falando, coma todos. Agora coidarei un pouco aos netos cando veñan no verán que é a miña marabilla. Gústame levalos á praia no verán e no inverno, que xa veñen menos pois (...) os meus labores da casa, os labores, eh!, non fregar, non limpar, non, o que é coser e ganchillar.

Lola

*Eu todo o día estou mirando para o que teño feito e despois o pemento que medra e rabeo porque eu quería ter uns tomates que lle saben moito ao meu fillo, pero non maduraron! **Josefa L. M.***

*Agora a pasalo ben, se hai saúde é a alegría máis grande para todos. Facemos memoria, informática, ximnasia. Colaboramos coa Asociación de Veciños, eu son da directiva, de adorno pero bueno (...), e imos xogar ás cartas todos os domingos. Ás veces xuntámonos vinte e dous ou vinte e catro para xogar. Dise que hai rivalidade entre a Aldea e o Porto, pero eu creo que era máis a xente de antes. O meu maior pracer é iso: xuntarnos, xogar á baralla, comer, beber e divertirnos, bailar encántame. **Laura***

Xogar ás cartas, as comidas e os bailes son lugares de encontro e de celebración dos vínculos. Elas reivindicamos porque os seus mellores momentos son en compañía de amigas, amigos e familia. O amor e os afectos dirixen as súas rutinas.

Xogar á baralla. Non teño límites iso é o que máis me gusta facer a min agora, e non me doe nada. **Inmaculada**

Para min, o que máis me gusta facer é ir ver ás nenas da miña afillada. Elas toliñas por min e eu mais por elas. **Josefa L. M.**

Como eu coser e calcetar xa non podo polas cervicais pois encántame estar cos nenos porque sempre me gustaron. Non hai ningún no arredor que non me queira, eh!, ningún, e bailar. Se estou nunha festa e estou bailando tanto me dá estar unha hora coma dúas. No coro levo dezasete anos. Fun a memoria, fun a ordenador porque necesitaba moito saír da casa. Agora imos xogar e se hai unha comida para cincuenta facémola entre todos. Gústame a reunión que temos aquí que me despexo e ríome. A min gústame falar pero non da tristeza. Cando a xente di cousas malas e todo é tristura dígolles eu: "me cago en dez, aquí vimos para rir e distraernos e non falar de penas que xa teño abondo na casa". **Josefa L. P.**

A min bailar encántame, o que pasa é que o meu home non é bailarín. **Lola**

O meu baila con Laura. **Inmaculada**

Claro, porque o meu non baila e ela tampouco entón bailamos os dous. Todo ten amaño na vida. A min o que máis me gusta son as rancheras. **Laura**

Cantamos nas festas, nas vodas, imos á Coruña, a Cangas, a Foz, a Vigo e tamén fomos a Luar. **Josefa L. P.**

Calquera día van ao estranxeiro. **Laura**

Eu sempre fun moi cantadora porque ía co feixe de verzas na cabeza e eu cantaba, si, porque daquela non había radios nin nada e cantabamos polos terreos e polos lindeiros. Eu cantaba seguido. Gustábame cantar. **Josefa L. P.**

Axudar aos que o necesitan tamén sempre me gustou e máis que me axudaran a min, que me quixeran e querer tamén

RECOÑECER(SE), A TAREFA MÁIS DIFÍCIL

Observamos pudor nos seus rostros, miran cara a fóra e ven a choiva, falan dela, da roupa tendida e se vai para longo ou será pouca cousa. Con pillería esquivan a pregunta de que é o que máis lles gusta delas mesmas, recoñecerse non é unha tarefa fácil. Non o aprenderon porque isto non se aprende como se aprende a ler. De súpeto danse conta de que esa materia quedou pendente, á sociedade quedoulle pendente. Agradecer, valorar e recoñecer as achegas e as historias das mulleres no mundo é unha fazaña por completar, unha misión sen resolver. Por iso estamos aquí.

Eu penso que mal nunca lle fixen a naide, desexalo tampouco, xamais. Axudar aos que o necesitan tamén sempre me gustou e máis que me axudaran a min, que me quixeran e querer tamén. A min gústame levarme ben con todos, teño oitenta e un anos que fixen agora, xamais na vida me enfadei con naide, xamais. Nin discutín, por iso que me gusta o pacífico e do resto, non creo que teña máis nada. **Josefa L. P.**

Pódese falar en favor dela, nalgún aspecto? **Norma**

Animámolas para que o fagan.

Vale para todo. Porque fixo de todo canto había que facer. Onte ademais fíxonos unha cea de aniversario. **Norma**

Por facer non é problema. O que me quedou foi o concello que non valía pa el. Do resto non me ensina naide a nada. **Josefa L. P.**

O apoio mutuo faise visible, é máis fácil recoñecer ás demais que a ti mesma, son as marcas que un sistema desigual inscribiu nos corpos femininos. O seu empoderamento persoal e colectivo é a estratexia adoptada para derrubar os cimentos desta inxustiza. Elas intúeno e practícano case por primeira vez. Poida que nunca ninguén lles pedira algo así: nomear aquilo que as honra como persoas.

Non sei as que teño, eu sei que vaia (...), paréceme que son buena, non me levo mal con naide, naide, nin da familia nin de fóra. Teño traballado en moitos sitios, se unha persoa non me gustaba tamén sabía separarme, aí está a cousa. Son disposta si, gústame todo. **Lola**



Son moi aberta para todo. O que teño eu téñeno os demais. Vén alguén pola porta e non os deixo ir con fame, non lles dou cartos, iso non, pero non os deixo ir con fame. E iso éche a calidade que teño. Ademais son positiva eu creo que outra persoa véndose como me vexo eu, inútil, que non podo camiñar para nada sen muletas, métese na casa e non saen para nada. **Josefa R. R.**

Teño unha calidade que me prexudica moito, son moi blanda e son moi simple de dicir o que me pasa de calquera maneira, a calquera xente. Son moi sincera, demasiado, e traballar tamén traballei de todo. Fixen o que puideren (emocionada) en todo, coma calquera. **Norma**

Mira, a miña calidade é que son boa de máis. Vexo un pobre e cómprolle o que precise, non lle dou cartos pero doulle comida e todo. Fun honrada sempre, nunca collín nada a ninguén. **Inmaculada**

Non sei que dicirche (...) nunca fun de dicir (...) fun facendo, fixen de todo, fun ao mar, pasei moitos traballos pero nunca me vin afluxada de dicir non vou saír de aquí. Si, era positiva e o que podía facer facíao e boto a man que se precise. Eu traballei moito para a xente de fóra, nunca tiveren problemas coa maioría das persoas e nada máis.

Josefa L. M.

Sempre foi moi boa persoa. **Josefa R.R.**

Moi traballadora. **Norma**

Penso que é moi formal e pacífica. **Josefa L. P.**

Eu penso que é moi buena e traballadora de máis, sempre foi. **Lola**

Atende a súa vida, non se mete nas demais. **Josefa L. P.**

Vou ao meu, dar o paseo e vou soa. Nunca falei mal de ninguén para dicir: "dixeches esta cousa que (...)", nada. Entón eu que che vou dicir, con traballos fun indo e vou indo. Igual din que son boa de máis e non sirve de nada. **Josefa L. M.**

Laura é a última en falar, coa inercia das demais resúltalle máis fácil expresarse.

Pois creo que son unha boa persoa, mal con intención non fago a naide, lévome ben con todos, nunca berrei con ninguén e son traballadora no que poido. Tamén me gusta axudar e nada máis, tamén tiveren que traballar dende pequena porque non tiveren unha vida fácil. **Laura**

Estou orgullosa que botei trinta e cinco anos en Bélxica e podo volver alá cando me dea a gana porque toda a xente me quere

LOGROS DE VIDA

A historia da humanidade está baleira en máis da metade da súa capacidade, as experiencias, pensamentos e logros son masculinos e ocupan a portavocía do que foi e o que é. O pasado constrúe presente así que para transformalo é necesario abandeirar un proceso de reapropiación do espazo e a memoria. Cada unha axúdanos neste desafío porque son, elas e outras, as "actrices", directoras e produtoras desta obra histórica na que nunca actuaron. Hoxe debutan dende un escenario micro, nunha pequena parroquia de Galicia, nun lugar chamado Espasante, ao redor dunha mesa con café e biscoito. Entre sorbo e sorbo, falamos dos seus logros, do que dalgunha maneira consideran as súas vitorias.

Estou orgullosa porque tiñamos unha casa moi pequeniña, porco á beira da cociña, desastroso, non daba máis a casa. Decidimos empezar unha nova o meu marido e eu. Puxémonos sós a facer os cimentos cunha máquina á

*man. Cando non valía para ir ao mar traballabamos nela. Despois morreu o meu home e seguín mellorándoa, traballei vinte anos no Planeta e mais limpaba. Despois xa tiña uns poucos máis de cartos e fun aumentándoa. Estou orgullosa do meu fillo tamén, o primeiro soldo que tivo gastouno en min, mercoume unha moto. Agora xa a deixei, hai un ano máis ou menos. Estou contenta coa neta que é moi estudosa e cariñosa. **Josefa L. M.***

*Orgullosa de casar co meu marido que é moi bueno e de ter tres fillos maravillosos e catro netos preciosos que é para min o orgullo máis grande da miña vida. As dificultades que superei, irme a Inglaterra. Ía en busca dunha casa, xuntei o diñeiro (emociónase), comprei a casa, arranxeina e para min iso é todo. Sempre lle digo aos meus fillos que a casa non a vendan. E nada máis. **Lola***

Teño moitas cousas que dicir do que estou orgullosa. O primeiro de traballar toda a miña vida, non me custou ningún traballo a pesar de ter moitos traballos. Creo que son boa compañeira porque nunca rifo con ninguén, non me importa facer un doce para todos aínda que agora non estou moi ben, bueno (...) así a simple vista dou o pego pero xa non son o que era. Un logro para min moi grande foi que axudei a poñer as primeiras pedras da miña casa,

que eran grandes, traballamos moito para ela e para poder vivir nela. Lixei, pinteí, fixen todo canto puíden, axudei aos carpinteiros. **Josefa L. P.**

Estou orgullosa de ser unha boa muller porque ao principio, cando es filla de nai solteira, xa che empezan a cuestionar como sairás, como serás. Saín unha muller formal, traballadora e estou orgullosa de min. E logo de casar co meu marido que me saíu un marido bo. Teño un fillo e unha neta e estou contenta con todo o que me tocou.

Laura

Mira, eu estou contenta comigo por colaborar, axudar á familia para coidar á miña tía que morreu comigo. Gústame moito a unión na familia e a paz, son moi feliz cando estamos todos reunidos. De coidar ao meu irmán e á miña tía, fíxeno ben. Se alguén me necesita para botar unha man tamén estou dispoñible. Traballei no comercio ata que me xubilei e agora a memoria e a descansar, porque para viaxar moito as pernas non as teño ben.

Manolita F. D.

Poido dicir que eu estou orgullosa que botei trinta e cinco anos en Bélxica e podo volver alá cando me dea a gana porque toda a xente me quere. Teño amigos en Bélxica

coma aquí. Custoume moito afacerme aquí, eh! Chorei moito pero agora teño todas as amigas en Espasante que todas que me queren, todas, todas, todas, iso é un orgullo.

Inmaculada

Continua a falar coa voz tremente, chorando, bicando e abrazando as amigas que ten ao seu carón.

Cando estiven enferma foi grazas a elas que me axudaron moito. Estou contenta de atoparme como estou.

Inmaculada

Escóitase unha voz que se sobrepon á emoción do momento, é unha canción entoada por Josefa L. P.: "Los amigos así, como tú, como yo, de toda la vida (...)" Emociónanse, Laura tamén, Josefa continúa cantaruxando: "pocas veces se ven, como tú como yo, y nunca se olvidan y sin querer me cruzo contigo, me da gusto decirlo, en este pueblo vive un amigo". Un agasallo, un instante máxico e íntimo que rebosa coidados e que nos pon os pelos de punta. Cálmanse entre elas, agárranse da man e seguen a falar.



*Eu satisfeita de ter unha nai que nos deu unha escola moi boa, que nos ensinou que na vida tiñamos que ser persoas e tamén de montar un taller. Estou orgullosa de traballar, de divetirme, das festas, das romerías, de todo na miña vida, altos e baixos, a vida é así. **Manolita M. G.***

*Supoño que serei unha muller honrada, formal, da miña casa. Emigrar foi unha decisión por necesidade pero valentía si que tiven, moita. **Aurora***

Estas son as súas derradeiras reflexións, das que máis valor teñen para nós e das que máis esforzo lles supoñen a elas.

Cada historia de vida destas mulleres de Espasante é unha ensinanza de superación, de valentía e de comunidade aferrada á pel. Acompañalas e escoitalas ao longo das diferentes etapas das súas biografías foi un absoluto privilexio. A memoria é ferramenta do presente, e por iso "Con Voz de Muller" é autoestima e empoderamento, delas, de nós, de todas.

